- Base Décimo Quinta das Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2025, que sinala que o órgano instrutor poderá solicitar todos os informes que considere convenientes ou necesarios para o correcto outorgamento das subvencións.

III.- Resolución do expediente

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 da LXS polo que o órgano competente resolverá o procedemento e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención
- Artigo 62 do RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.



- Base de execución 16^a.2^a do orzamento que sinala que o órgano competente para a autorización e disposición deste gasto é a Xunta de Goberno.
- Bases de execución 25^a.2^a e 4^a do orzamento provincial que regulan o procedemento de concesión e a compensación de débedas de entidades locais.
- Base Décimo Quinta das Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2025, que sinala que unha vez efectuado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe da técnica ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do gasto e da fiscalización da Intervención.
- Capítulo III das Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2025 que sinalan a necesaria documentación para a válida concesión da subvención, os requisitos dos servizos para os que se van contratar aos traballadores, así como os gastos subvencionables, que comprenderán o custo salarial e a cotización á Seguridade Social de persoas desempregadas (calquera que sexa a categoría profesional) que reúnan os requisitos establecidos nas bases, respectando en todo caso o Salario Mínimo Interprofesional por traballador que se atope en vigor en cada momento (importe proporcional ás horas traballadas) ou as retribucións que resulten aplicables en atención á categoría profesional da persoa traballadora, para o cal os concellos deberán, no seu caso, complementar a cantidade que sexa necesaria ata acadar os salarios que correspondan por categoría profesional.

CONCLUSIÓNS:

Primeiro.- Esta solicitude foi presentada en prazo, e achégase a documentación precisa para a súa valoración.

Segundo.- En canto ás funcións para as que se contratarán ós traballadores, de acordo coas memorias achegadas, consisten, en servizos de interese xeral e social. O importe da subvención solicitada non excede do importe máximo de financiamento do plan nin a cantidade máxima da liña 3, segundo o disposto nas bases Quinta, Sexta e Sétima, asignada a cada concello, tendo en conta neste importe, no seu caso, as detraccións notificadas das débedas contraídas coa Deputación por parte das entidades solicitantes.

Terceiro.- As cantidades que resultan subvencionables calcúlanse en base ás solicitudes realizadas polos concellos, tendo en conta o límite mínimo do Salario Mínimo Interprofesional por traballador e tomando como referencia por defecto unha xornada completa de 37,5 horas semanais. No caso de que as contratacións de desempregados se efectúen por un importe inferior de horas das estipuladas para un contrato a xornada completa, o importe subvencionable mínimo reducirase proporcionalmente en función das horas traballadas. En consecuencia, son os interesados os que sinalan o importe a subvencionar na súa solicitude, que poderá exceder o SMI en razón das obrigas legais ou por convenio existentes. Os beneficiarios asumen o compromiso de afrontar a cantidade complementaria non subvencionada.



Cuarto.- Unha vez concedida a subvención, os concellos poderán solicitar o pago anticipado segundo o establecido na base Cuadraxésimo Sexta do Capítulo III. Asemade, deberanse xustificar as subvencións concedidas de conformidade ó establecido na citada base e tendo en conta o disposto en relación ás obrigas do beneficiario, especialmente en canto á publicidade.

Quinto.- De conformidade co disposto no Real Decreto-lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, as contratacións deberán realizarse pola modalidade do contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, ao abeiro do recollido na disposición adicional novena do Texto refundido da Lei de emprego, e serán dados de alta na Seguridade Social cos códigos 405 e 505, segundo a contratación sexa a tempo completo ou parcial. Todos os contratos deben iniciarse a partir do 1 de xaneiro de 2025 e finalizarán como máximo o 31 de decembro de 2025, sen que en ningún caso a subvencionabilidade dos contratos poida exceder este período. As contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable, que limitará en todo caso a aplicación do réxime de posibles substitucións ou modificacións da resolución ou acordo de concesión da subvención previsto nas Bases reguladoras.

Por todo o exposto e a vista dos antecedentes, fundamentos de dereitos aplicables e a súa motivación razoada, e a concorrencia dos requisitos necesarios, a xefa do Servizo de Cooperación INFORMA FAVORABLEMENTE o expediente de subvención relacionado no anexo no marco do PLAN +PROVINCIA PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA 2025 (LIÑA 3) e a concesión da subvención solicitada segundo os importes e o obxecto que figuran en dito anexo, con cargo á aplicación orzamentaria que será no seu caso a 2025/942.9425.462.03.

ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
Ribadumia (P3604600A)	6	<i>1 albanel, 3 peóns de obras públicas, 1 monitor/a de ocio e tempo libre e 1 técnico/a de administración xeral a xornada completa durante 9 meses</i>	102.659,34 €

Non obstante, o presente informe non ten carácter vinculante para o órgano competente para resolver, que acordará o que proceda consonte ó seu superior criterio.

RÉXIME COMPETENCIAL:

En virtude do establecido na base 16ª.2ª c) das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto nos artigos 34 e 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no artigo 17 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.



Por todo o exposto, á vista da documentación que obra no expediente, do informe da xefa do Servizo de Cooperación (CSV: CLPUQY2LLKTBZAYO) e do informe de Intervención (CSV: VEEDXU89DCV046KW), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar a concesión dunha subvención ao *Concello de Ribadumia* (CIF P3604600A) segundo a táboa anexa, polo procedemento de concorrencia non competitiva, ao abeiro do Programa de activación do emprego da Deputación de Pontevedra 2025 (LIÑA 3) para a contratación dos traballadores e categorías laborais que se relacionan no mesmo, con cargo á aplicación orzamentaria 2025/942.9425.462.03:

ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
Ribadumia (P3604600A)	6	<i>1 albanel, 3 peóns de obras públicas, 1 monitor/a de ocio e tempo libre e 1 técnico/a de administración xeral a xornada completa durante 9 meses</i>	102.659,34 €

Esta subvención concédese con suxeición ás bases reguladoras e a convocatoria do plan, e, en particular, ás condicións seguintes:

- a) A selección do persoal levarase a cabo a través dos Servizos Públicos de Emprego entre persoas desempregadas, inscritas como demandantes non ocupadas e dispoñibles para o emprego, e que reúnan os requisitos establecidos nas bases no referente á liña 3, especificamente a base Cuadraxésima Primeira.
- b) De conformidade co disposto no Real Decreto-lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, as contratacións deberán realizarse pola modalidade do contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, ao abeiro do recollido na disposición adicional novena do Texto refundido da Lei de emprego, e serán dados de alta na Seguridade Social cos códigos 405 e 505, segundo a contratación sexa a tempo completo ou parcial. Todos os contratos deben iniciarse a partir do 1 de xaneiro de 2025 e finalizarán como máximo o 31 de decembro de 2025, sen que en ningún caso a subvencionabilidade dos contratos poida exceder este período. As contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable, que limitará en todo caso a aplicación do réxime de posibles substitucións ou modificacións da resolución ou acordo de concesión da subvención previsto nas Bases reguladoras.



- c) Na medida en que a normativa laboral que lle sexa de aplicación o permita, no caso de que algún dos traballadores contratados renuncie ó contrato antes da súa finalización ou se dea algún outro suposto debidamente xustificado de extinción do contrato anticipadamente, o concello poderá formalizar un novo contrato para substituír o anterior polo tempo restante. No caso de baixas, permitirase a contratación doutro traballador que o substitúa a efectos unicamente da elixibilidade do gasto, con estrito respecto á normativa aplicable, tendo que optar o concello por imputar o custo dun ou doutro traballador alternativamente durante o período de baixa. O Concello deberá comunicar estas situacións á Deputación mediante escrito motivado. A relación laboral xurdida entre a entidade beneficiaria e o traballador non vinculará á Deputación de Pontevedra.
- d) Igualmente, sempre e cando a normativa laboral de aplicación o permita, de conformidade coas bases Cuadraxésimo Terceira e Cuadraxésimo Cuarta, admitirase a modificación do acordo ou da resolución de concesión naqueles casos en que se xustifique adecuadamente en base a novas necesidades ou á conveniencia de reformular a duración ou as categorías profesionais solicitadas, se ben as modificacións non deberán supoñer prexuízos a terceiros e deberán solicitarse antes do 1 de novembro de 2025. A modificación poderá supoñer unha variación económica á alza e o incremento financiarase con fondos propios do concello. En caso de supoñer unha subvención inferior poderá destinarse a contía sobrante á liña 1.
- e) O pagamento anticipado da subvención concedida poderase facer efectivo da seguinte forma:
- O 80% ó inicio da actividade (ou servizo), que se xustificará co documento acreditativo expedido polo órgano ou persoa empregada pública competente. Aboarase segundo o número de contratos formalizados ata esa data e deberán identificarse as persoas traballadoras, as datas de inicio e a duración dos seus contratos e a categoría profesional.
 - O importe restante aboarase unha vez rematadas todas as contratacións, tras a presentación da documentación xustificativa final e logo da súa verificación e comprobación polo servizo instructor e a Intervención Provincial.
- f) En canto a xustificación, no prazo máximo de dous meses a partir do día seguinte ó da finalización da actividade realizada e en todo caso a partir do 31 de decembro de 2025 como máximo, cómpre presentar na sede electrónica da institución provincial a documentación xustificativa que se indica na base Cuadraxésimo Sexta das reguladoras do Plan +Provincia 2025.
- g) A non xustificación ou a xustificación insuficiente dará lugar á perda ou o reintegro da subvención percibida con correspondentes xuros de demora nos termos previstos no artigo 36 e ss. da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e no artigo 29 e ss. da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra.
- h) En todo caso, as contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable.

2. Darlle traslado do presente acordo ó Concello, a Intervención Provincial e ó Servizo de Cooperación.



16.35031.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE SALVATERRA DE MIÑO AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA 2025 LIÑA 1-INVESTIMENTOS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “MELLORA DO PARQUE INFANTIL E ÁREA DEPORTIVA DE A CANUDA”. (Expte.2025018828)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 27/12/2024, mediante acordo núm. 3.8316, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2025, en adiante Plan +Provincia 2025, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 1 do 02/01/2025.

Mediante resolución presidencial núm. 2025000147 de data 13/01/2025 aprobouse a repartición total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.

En data 27/03/2025, mediante rexistro WEB2025022178, formalmente e en prazo, consta entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan +Provincia 2025, dunha petición do *Concello de Salvaterra de Miño* na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu no reparto unha subvención, por importe de 150.366,70 €, co obxecto do financiamento do investimento “*Mellora do parque infantil e área deportiva de a Canuda*”, cuxo orzamento ascende 150.366,70 €, quedando configurada a súa petición tal é como se reflicte na seguinte táboa:

Orzamento	Subvención Plan +Provincia 2025	Achegas doutras administracións públicas	Fondos propios do Concello
150.366,70 €	150.366,70 €	0,00 €	0,00 €

En datas posteriores, o Concello emenda e completa a documentación achegada.

O orzamento contempla honorarios de redacción proxecto, dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde por importe total de 10.890,00 €.

Consta no expediente documento relativo á titularidade dos terreos sobre os que se pretende actuar; o Concello achega informe técnico sobre as afeccións sectoriais, indicando que non é preciso contar con ningunha autorización sectorial.

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan +Provincia 2025 e achega a documentación que se recolle na base 27ª, contando co informe favorable do persoal facultativo técnico do servizo de Cooperación.



FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan +Provincia 2025.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

2.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan +Provincia 2025 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude e, en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.



RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª e 19ª das reguladoras do Plan +Provincia 2025 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan +Provincia 2025 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2025, así como os criterios obxectivos de repartición..
- Bases 10ª e 27ª das reguladoras do Plan +Provincia 2025 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 28/03/2025, e da xefa do servizo de Cooperación de data 31/03/2025 que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 31/03/2025, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Salvaterra de Miño* (CIF:P3605000C), ao abeiro do Plan +Provincia 2025 liña 1_Investmentos, unha subvención por importe de 150.366,70 € co obxecto do financiamento do investimento “*Mellora do parque infantil e área deportiva de A Canuda*” (Expte. 2025018828), cuxo orzamento ascende 150.366,70 €, quedando a concesión configurada tal e como se reflicte na seguinte táboa:

Orzamento	Subvención -Plan +Provincia 2025	Achegas doutras administracións públicas	Fondos propios do Concello
150.366,70€	150.366,70€	0,00€	0,00€

O orzamento contempla honorarios de redacción proxecto, dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde por importe total de 10.890,00 €.



- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2025/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan +Provincia 2025, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 3.8316 de 27/12/2024 e publicadas no BOPPO núm. 1 de 02/01/2025 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Así mesmo, conforme a base 34ª reguladora do Plan +Provincia 2025, o investimento subvencionado deberá estar executado o 31/12/2026 e xustificado na súa totalidade o 31/03/2027. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Salvaterra de Miño*, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

17.35032.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN, POR CAMBIO DE FINALIDADE, AO CONCELLO DE TOMIÑO NO MARCO DO PLAN CONCELLOS 2022-2023 LIÑA 1 – INVESTIMENTOS (ANUALIDADE 2023), CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “ADQUISICIÓN DO MATERIAL NECESARIO PARA EQUIPAR O EDIFICIO DO ESPAZO ISAURA GÓMEZ”. (Expte.2025003905)

- O Pleno da Deputación, na súa sesión do 26 de novembro de 2021, acordou a aprobación das Bases Reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, (en adiante Plan Concellos 2022-2023) que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 230 do 27 de novembro de 2021. Desta xeira o Plan Concellos é bienal, se ben segue a estar fornecido por fondos propios da Deputación de Pontevedra con destino á colaboración nas obras e servizos de competencia municipal dos 59 concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia.
- Acordo do Pleno da Deputación núm. 2.8297 de 29/11/2024 que estende o prazo para solicitar subvencións por cambios de finalidade ou reinvestimento de baixas ata o 31/05/2025. Así mesmo, tamén se prorroga o prazo de execución dos investimentos ata o 30/09/2025 e o de xustificación da subvención ata o 31/10/2025.
- A base 17ª das reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 Liña 1 – Investimentos, lexítima ós concellos a solicitar o cambio ou modificación dos acordos ou resolucións de concesión pola desistencia total ou parcial da actuación, sempre e cando non se prexudiquen dereitos de terceiros e se solicite antes de concluír o prazo para a realización das actividades obxecto de subvención.



- No marco do Plan Concellos 2022-2023 liña 1- investimentos (anualidade 2023), mediante acordo da Xunta de Goberno do día 14/04/2023 núm.8.32532, concedéuselle ao *Concello de Tomiño* unha subvención, por importe de 127.616,64 €, co obxecto do financiamento do investimento “MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL E CICLABLE ENTRE EQUIPAMENTOS PÚBLICOS NA RÚA REPÚBLICA ARXENTINA ENTRE A GLORIETA DO SEIXO E A POLICÍA LOCAL” (Expte.2023006597).
- En data 16/01/2025 o concello de Tomiño con rexistro WEB2025002856, achega escrito de desistencia da subvención concedida salientada no parágrafo anterior.
- Mediante Resolución Presidencial Núm. 2025001417 de data 28/02/2025, con (CSV):NU5MZ97COIFG5MO4, aceptouse a desistencia formulada polo concello de Tomiño, deixando en dispoñible o crédito previamente comprometido, por importe total de 127.616,64 euros, na aplicación orzamentaria 2025/942.9425.762.45.2023 dentro do correspondente proxecto de gasto para o financiamento dos novos investimentos que o concello de Tomiño pretende acometer.
- Neste contexto, en data 22/01/2025, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no rexistro da Deputación, ao abeiro do Plan Concellos 2022-2023 liña 1 investimentos (anualidade 2023), petición do *Concello de Tomiño* na que solicita con cargo ao crédito dispoñible por mor da desistencia, unha subvención por importe de 87.690,28 €, con destino ao financiamento “*Adquisición do material necesario para equipar o edificio do espazo Isaura Gómez*”, cun orzamento por importe de 139.769,59 €, quedando configurada a súa petición tal é como reflicte a seguinte táboa:

ANUALIDADE	ORZAMENTO €	SUBVENCIÓN €	ACHEGAS DOUTRAS ADMINISTRACIÓNS €	FONDOS PROPIOS €
2022	0,00	0,00	0,00	0,00
2023	139.769,59	87.690,28	0,00	52.079,31
TOTAL	139.769,59	87.690,28	0,00	52.079,31

- Consta no expediente documento relativo a titularidade do ben sobre o que se vai actuar.
- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 e achega a documentación requirida, contando co informe de supervisión favorable do Enxeñeiro Xefe do Servizo de Cooperación.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA:

1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por R.D. 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).



- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das Facendas locais (TRLRFL).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades locais (ROFRJEL).
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do PLAN CONCELLOS 2022-2023.
- Acordo do Pleno da Deputación núm. 2.8297 de 29/11/2024.

2.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Asemade, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización do servizo de intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Bases Reguladoras 10ª 1 12ª do Plan Concellos 2022-2023 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.
- Base Reguladora 17ª do Plan Concellos 2022-2023 Liña 1 – Investimentos, lexítima ós concellos a solicitar o cambio ou modificación dos acordos ou resolucións de concesión pola desistencia total ou parcial da actuación, sempre e cando non se prexudiquen dereitos de terceiros e se solicite antes de conclúa o prazo para a realización das actividades obxecto de subvención.
- Acordo do Pleno da Deputación núm. 2.8297 de 29/11/2024 que estende o prazo para solicitar subvencións por reinvestimento de baixas ata o 31/05/2025. Así mesmo, tamén se prorroga o prazo de execución dos investimentos ata o 30/09/2025 e o de xustificación da subvención ata o 31/10/2025



De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 28/01/2025, e da xefa do servizo de Cooperación, de data 03/03/2025, que conclúe favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 03/03/2025, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder, por cambio de finalidade, ao *Concello de Tomiño* CIF P3605400E, no marco do Plan Concellos 2022-2023 liña 1 – investimentos (anualidade 2023), a cantidade de 87.690,28 €, con destino ao financiamento do investimento “*Adquisición do material necesario para equipar o edificio do espazo Isaura Gómez*” (Expte.:2025003905) cun orzamento polo importe de 139.769,59 €, distribuída segundo a seguinte táboa:

Anualidade	Orzamento €	Subvención €	Achegas doutras administracións €	Fondos propios €
2023	139.769,59	87.690,28	0,00	52.079,31
TOTAL	139.769,59	87.690,28	0,00	52.079,31

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2025/942.9425.762.45.2023 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ó gasto.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan de Concellos 2022-2023, aprobadas polo acordo plenario de 26 de novembro de 2021 e publicadas no BOPPO núm. 230 de 27/11/2021 (disponibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Asemade, consonte ao recollido no acordo do Pleno da Deputación núm. 2.8297, de 29/11/2024, que modifica a base 21ª das reguladoras do Plan Concellos 2022-2023, o investimento incluído na anualidade 2023, deberá estar executado a 30/09/2025 e xustificado a 31/10/2025. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Tomiño*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

18.35033.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE VALGA AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA 2025 LIÑA 1-INVESTIMENTOS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DA ACHEGA MUNICIPAL AO PLAN PROVINCIA EXTRAORDINARIA – PLAN EXTRA DO INVESTIMENTO “ACONDICIONAMENTO E RENATURALIZACIÓN DA ZONA NORTE DA LAGOA DE PORTO PIÑEIRO”. (Expte.2025018358)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do día 27 de decembro de 2024, mediante acordo núm. 3.8316, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de obras e servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2025, en adiante Plan +Provincia 2025, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 1 do 02/01/2025.



Mediante resolución presidencial núm. 2025000147 de data 13/01/2025 aprobouse a cantidade total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.

En data 25/03/2025, mediante rexistro WEB2025021444, formalmente e en prazo, consta entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan +Provincia 2025, dunha petición do *Concello de Valga* na que, acolléndose ao disposto nas bases 1º e 23º das reguladoras, solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu no reparto unha subvención, por importe de 202.375,32 euros, co obxecto do financiamento da aportación municipal ao Plan Provincia Extraordinaria - Plan Extra do investimento “*Acondicionamento e renaturalización da zona norte da Lagoa de Porto Piñeiro*”, cuxo orzamento ascende 902.375,32 €, quedando configurada a súa petición tal é como se reflicte na seguinte táboa:

Orzamento	Subvención Plan + Provincia 2025	Achegas doutras administracións públicas (PLAN EXTRA)	Fondos propios do Concello
902.375,32€	202.375,32€	700.000,00€	0,00€

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan +Provincia 2025, contando co informe favorable do persoal facultativo técnico do servizo de Cooperación; precisando que a execución deste investimento así como a súa xustificación suxeitarase as normas do plan que se co-financia conforme ao establecido na base 23ª do Plan.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA:

1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan +Provincia 2025.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.



2.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan +Provincia 2025 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude e, en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivárase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión
- Bases 1ª e 19ª das reguladoras do Plan + Provincia 2025 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan



- Bases 1ª e 23ª das reguladoras do Plan +Provincia 2025 que permiten destinar a cantidade asignada na liña 1 ao financiamento das achegas municipais a investimentos incluídos noutros plans, programas ou convenios da Deputación ou doutras administracións públicas, cando se trate de obras ou subministracións de competencia municipal e sempre que os prazos recollidos no convenio ou noutros plans se axusten aos contemplados nas bases do Plan +Provincia 2025
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan +Provincia 2025 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2025, así como os criterios obxectivos de repartición
- Bases 10ª e 27ª das reguladoras do Plan + Provincia 2025 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 26/03/2025 e da xefa do servizo de Cooperación de data 26/03/2025 que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 26/03/2025, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder unha subvención ao *Concello de Valga*, CIF: P3605600J, ao abeiro do Plan +Provincia 2025 liña 1_Investimentos, por importe de 202.375,32 € co obxecto do financiamento da achega municipal ao Plan Provincia Extraordinaria – Plan Extra do investimento “*Acondicionamento e renaturalización da zona norte da Lagoa de Porto Piñeiro*” (Expte.2025018358), cuxo orzamento ascende 902.375,32 €, quedando a concesión configurada tal e como se reflicte na seguinte táboa:

Orzamento	Subvención Plan +Provincia 2025	Achegas doutras administracións públicas (Plan Extra)	Fondos propios do Concello
902.375,32 €	202.375,32 €	700.000,00 €	0,00 €

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 25/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ó gasto.
- A execución e xustificación deste investimento rexerase polas normas do plan que se co-financia, Plan Provincia Extraordinaria – Plan Extra.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Valga*, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.



19.35034.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO CONVOCADO PARA A CONTRATACIÓN DO “SERVIZO DE MANTEMENTO E SOPORTE DOS SISTEMAS DE ALIMENTACIÓN ININTERROMPIDA DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA”. (Expte.2024069131)

Por acordo da Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 17 de xaneiro de 2025, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto, do Servizo de mantemento e soporte dos sistemas de alimentación ininterrompida da Deputación de Pontevedra.

O anuncio de licitación deste contrato enviouse ao DOUE en data 17/01/2025 e publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) en data 19/01/2025. Así mesmo, publicouse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

Rematado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 20/02/2025, procedeu á apertura electrónica e cualificación dos sobres “A”, correspondente á documentación administrativa, presentado polas empresa licitadoras:

- TICAPLUS S.L. (B27790617)
- ELECTRÓNICA NOROESTE SERVICIOS GENERALES S.L. (B15123177)

A continuación, procedeu á apertura electrónica dos sobres “B”, correspondentes á documentación avaliable mediante xuízos de valor, presentado polas empresas que resultan admitidas, e acordou trasladar dita documentación ao persoal técnico do servizo de novas tecnoloxías.

O xefe do servizo de Novas tecnoloxías, Damián Rey Rodriguez, con data 25/02/2025, emitiu informe de valoración da documentación técnica presentada polos licitadores, co csv WJF5JMBNVAT4YJKT.

A mesa de contratación en data 27/02/2025 presta conformidade as puntuacións acadadas polas empresas, e procede á apertura electrónica dos sobres “C”, correspondentes á documentación avaliable mediante criterios automáticos das empresas que participan no procedemento aberto e que acadaron unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable en función dos criterios avaliables mediante xuízos de valor. Os valores ofertados polas empresa se recollen no certificado da Mesa de contratación de data 27/02/2025 co csv WPIHVGJK2HF34X04.

Feitas as valoracións de conformidade cos criterios establecidos no prego de cláusulas administrativas, as puntuacións que obteñen as empresas no sobre C son as seguintes:

Sobre C	Ata 50 Puntos	Ata 10 Puntos		Max 60
	prezo	tempo resposta presencial	tempos resolución criticidade	Total sobre C
Electrónica Noroeste SG S.L.	50	3	7	60
TICAPLUS S.L.	45,92	0	0	45,92



As puntuacións totais do sobre B máis o sobre C son as seguintes:

TOTAL SOBRE B+C	SOBRE B (max 40)	SOBRE C (max 60)	TOTAL
Electrónica Noroeste SG S.L.	36	60	96
TICAPLUS S.L.	25	45,92	70,92

A Mesa de contratación na súa reunión de data 6/03/2025, aproba a clasificación das ofertas presentadas e, en base á dita clasificación, propor ao órgano de contratación que, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecido no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, proceda á adxudicación do contrato a favor da empresa ELECTRÓNICA NOROESTE S.G. S.L. (B15123177) que acada a puntuación de 96.

A continuación o persoal técnico do servizo de Contratación, comproba que a empresa atópase inscrita no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, co número de inscrición 544 e no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público. Dito certificado acredita, a tenor do nel reflectido e salvo proba en contrario, as condicións de aptitude do empresario en canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación, habilitación profesional ou empresarial, solvencia económica e financeira, e demais circunstancias inscritas, así como a concorrencia ou non concorrencia das prohibicións de contratar.

Mediante Resolución Presidencial número 2025001564 de data 7/03/2025, o órgano de contratación acepta a proposta da Mesa de Contratación e require á empresa Electrónica Noroeste SG. S.L., que presenta a mellor oferta, cumprindo co establecido nos pregos reguladores do procedemento, para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, presente a documentación esixida de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP.

A empresa presentou a documentación correspondente ao requirimento a través da sede electrónica da Deputación de Pontevedra (REX_WEB2025019789 > Doc. requirimento > Rexistro de data 19/03/2025) cumprindo cos requisitos establecidos nos pregos e no requirimento, quedando, polo tanto, debidamente acreditados os requisitos de capacidade e solvencia. Asemade, consta no expediente a constitución da garantía definitiva polo importe de 9.911,50 euros (carta de pago núm. 12025000040040, de data 21/03/2025).

Tendo en conta os artigos 150 e 151 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo os cales, recibida a documentación á que se refire o apartado 2 de artigo 150, o órgano de contratación adxudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes. A resolución de adxudicación deberá ser motivada e notificarase aos candidatos e licitadores, debendo ser publicada no perfil do contratante no prazo de 15 días naturais. Na notificación indicarse o prazo no que debe procederse á formalización do contrato.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á Presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do



Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 €, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Adxudicar o contrato do Servizo de mantemento e soporte dos sistemas de alimentación ininterrompida da Deputación de Pontevedra, á empresa ELECTRÓNICA NOROESTE S.G. S.L. (B15123177), para os catro anos de duración do contrato, polo seguinte importe:

Importe sen o IVE:	198.230,00 €
IVE (21 %):	41.628,30 €
Importe total ofertado:	239.858,30 €

E de acordo co seguinte detalle:

Ampliación dos acordo de nivel de servizo:

TIEMPOS DE RESPUESTA PRESENCIAL		
CRÍTICIDAD	TIEMPO MÁXIMO EN MOSTRAR PRESENCIA	TIEMPO DE RESOLUCIÓN OFERTADO (HORAS)
CRÍTICA	2 HORAS	1 HORA
ALTA	6 HORAS	1 HORA

TEMPOS DE RESOLUCIÓN SEGÚN CRITICIDADE DA INCIDENCIA		
CRITICIDADE	TEMPO DE RESOLUCIÓN MÁXIMO	TEMPO DE RESOLUCIÓN OFERTADO (HORAS)
CRÍTICA	4 HORAS	1 HORA
ALTA	8 HORAS	1 HORA

O prazo de duración: catro anos a contar desde a data de formalización do contrato.

Financiación: As obrigas derivadas do presente contrato financiaranse de acordo coa seguinte distribución:

Anualidade	Aplicación Orzamentaria	Importe total co IVE
2025	25/926.9260.227.23	59.964,57€
2026	26/926.9260.227.23	59.964,57€
2027	27/926.9260.227.23	59.964,57€
2028	28/926.9260.227.23	59.964,57€



Os importes correspondentes ás anualidade 2026, 2027 e 2028 quedarán condicionados ás aprobacións dos respectivos orzamentos e a existencia de crédito adecuado e suficiente nos mesmos.

Forma de pagamento: parcial.

Os pagos a empresa adxudicataria realizaranse por semestre vencido.

O prezo aboarase dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade dos servizos prestados co disposto no contrato, nos termos establecidos nos artigos 198.4 e 210.4 da LCSP.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse pola adxudicataria ou adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACe, ao que pode accederse desde a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, para os efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.es>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e número de expediente que se relacionan a continuación:

Administración:	L02000036 (CIF: P3600000H)		Núm. de exp.:	2024069131	
Órgano xestor:	LA0006132	Unidade tramitadora:	LA0006135	Oficina contable:	LA0006135

Se, xunto coa factura, a ou o adxudicatario ten que presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, farao achegando os documentos xustificativos a través do sistema de facturación da Deputación de Pontevedra.

Responsable do contrato: O xefe do servizo de Novas Tecnoloxías ou persoa en quen delegue.

2.- A empresa adxudicataria deberá formalizar o contrato en documento administrativo, que se porá a súa disposición na sede electrónica da Deputación de Pontevedra unha vez transcorrido o prazo de quince días hábiles, contados desde que se remita a notificación deste acordo ás empresas licitadoras.

Os servizos dependentes do órgano de Contratación requiriranlle á empresa seleccionada para que formalice o contrato nun prazo non superior a cinco días contando desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, unha vez transcorrido o prazo previsto no parágrafo anterior sen que se interpuxese recurso que comporte a suspensión da formalización do contrato. De igual forma procederán cando o órgano competente para a resolución do recurso levántase a suspensión.



20.35035.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO CONVOCADO PARA A CONTRATACIÓN DA OBRA “MELLORA DA DRENAXE NA E.P. 2502 CERQUIDO-RIBADELOURO, DENDE O P.Q. 0+000 AO P.Q. 0+950 (CONCELLO DE O PORRIÑO)”. (Expte.2024070955)

Resultando.- Que de acordo coa Lei 7/85, de 2 de abril, de bases de réxime local a prestación de servizos de carácter supramunicipal e supracomarcal é unha das competencias propias das deputacións. A salvagarda do servizo público viario e a mellora da seguridade viaria é o eixo principal das competencias da Deputación de Pontevedra en materia de infraestruturas e mobilidade.

Resultando.- Que o artigo 9.2 da Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia (en diante LEG) establece que a administración titular da estrada é responsable do servizo público viario. A rede provincial de estradas con aproximadamente 1.700 quilómetros de lonxitude total, atópase na estrutura viaria global por detrás das estradas de competencia estatal e da Xunta de Galicia.

Resultando.- Que no desenvolvemento da súa competencia, a Deputación presentou en xaneiro de 2016 o seu Decálogo de Criterios para as novas actuacións nas vías provinciais co fin de actuar acorde coas demandas urbanísticas, ambientais e sociais, de máximo respecto ao territorio e ao patrimonio construído aumentando a seguridade viaria en toda a rede de estradas da provincia.

Resultando.- Que a E.P. 2502 *Cerquido - Ribadelouro* que percorre os termos municipais de Salceda de Caselas, Tui e Porriño pertence á rede provincial de estradas da Deputación de Pontevedra, cunha lonxitude de 2.527 metros.

Resultando.- Que logo da inspección realizada polo persoal do servizos técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais, constatouse que actualmente o tramo P.Q. 0+000 ao P.Q. 0+950 da devandita estrada, no termo municipal de Porriño, presenta problemas na estrada debido o mal estado da drenaxe existente, con tramos con roturas e obstrucións.

Resultando.- Que sendo necesario definir de forma clara e precisa o obxecto do contrato, redactouse por Dona María Elena Pérez Alonso, enxeñeira adscrita ó Servizo de Infraestruturas, o proxecto de execución da obra “*Mellora da drenaxe na E.P. 2502 Cerquido-Ribadelouro, dende o P.Q. 0+000 ao P.Q. 0+950 (Concello de Porriño)*” cun orzamento base de licitación de 311.373,06 € IVE Incluído. A este proxecto asígnouselle o código CSV: LLYM5SCQTGH45KWP.

Resultando.- Que na súa consecuencia recibíuse no Servizo de Contratación providencia da Deputada Delegada da área de Infraestruturas Públicas, solicitando iniciar a tramitación do expediente para adxudicar o contrato de obras “*Mellora da drenaxe na E.P. 2502 Cerquido-Ribadelouro, dende o P.Q. 0+000 ao P.Q. 0+950 (Concello de Porriño)*”.



Resultando.- Que consta no expediente con CSV: 6KIR4O2FXXJPQJR, informe emitido pola Intervención, no que se recolle que na vinculación xurídica da aplicación orzamentaria 24/456.4530.612.01, dentro do proxecto de gasto nº 2024070955, existe crédito retido por importe de 311.373,06 € mediante documento RC nº 202400233752.

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 29/11/2024 acordou aprobar o proxecto de execución da *“Mellora da drenaxe na E.P. 2502 Cerquido-Ribadelouro, dende o P.Q. 0+000 ao P.Q. 0+950 (Concello de Porriño)”*, redactado por Dona María Elena Pérez Alonso, enxeñeira adscrita ó Servizo de Infraestruturas, cun orzamento base de licitación de 311.373,06 € IVE Incluído. A este proxecto asignóuselle o código CSV: LLYM5SCQTGH45KWP.

Resultando.- Que consta no expediente acta de replanteo previo e memoria xustificativa emitida polo xefe do Servizo de Contratación, no que manifesta en relación co procedemento a seguir para esta contratación, que o procedemento de adxudicación debe de ser o procedemento aberto simplificado recollido no artigo 159.1 da LCSP, en relación co 131.2 do mesmo texto legal.

Resultando.- Que por acordo da Xunta de Goberno na sesión ordinaria do 17 de xaneiro de 2025, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado, da execución da obra *“Mellora da drenaxe na E.P. 2502 Cerquido-Ribadelouro, dende o P.Q. 0+000 ao P.Q. 0+950 (Concello de Porriño)”*. O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 21 de xaneiro de 2025. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

Resultando.- Que finalizado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación na súa reunión de data 13 de febreiro de 2025 procedeu á apertura electrónica dos sobres “A” correspondente á documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do contrato de obras *“Mellora da drenaxe na E.P. 2502 Cerquido-Ribadelouro, dende o P.Q. 0+000 ao P.Q. 0+950 (Concello de Porriño)”*.

As empresas admitidas foron as seguintes:

- CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO
- CONSTRUCCIONES EC CASAS, S.L.
- CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U.
- CONSTRUCCIONES OBRAS E VIAIS, S.A.
- EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.
- HORDESCON, S.L.
- MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.
- NAROM, S.L.



Resultando.- Que a Mesa de Contratación acordou trasladar a documentación técnica descargada dos sobres “A” que presentaron as empresas admitidas ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, ao obxecto de que os técnicos avaliaran e ponderaran as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto simplificado.

Resultando.- Que o enxeñeiro do Servizo de Infraestruturas Públicas, con data 26 de febreiro de 2025, emitiu informe relativo a valoración da documentación técnica presentada polos licitadores figurando as empresas admitidas co seguinte resultado:

LICITADORES	MEMORIA E PROGRAMA DE TRABAJO	PLAN DE ACTUACIONES MEDIOAMBIENTAIS	PUNTUACION SOBRE "A"
CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.	16,00	3,00	19,00
CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L.	22,00	3,00	25,00
CONSTRUCCIONES FECHI S.L.U.	18,00	3,00	21,00
CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	20,00	3,00	23,00
CONSTRUCCIONES VALE, SL	12,00	2,00	14,00
EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.	16,00	2,00	18,00
FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA, S.L.	16,00	2,00	18,00
HORDESCON, S.L.	12,00	2,00	14,00
LOPEZ Y LEIS, S.A.	14,00	2,00	16,00
MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	14,00	2,00	16,00
NAROM, S.L.	16,00	3,00	19,00
ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L.	16,00	2,00	18,00

Resultando.- Que a Mesa de Contratación en base ó informe do enxeñeiro do Servizo de Infraestruturas Públicas, Don Jaime Ruibal de Sola de data 26 de febreiro de 2025, acorda prestar conformidade as puntuacións acadadas polas empresas admitidas ó procedemento convocado para a contratación da obra “Mellora da drenaxe na E.P. 2502 Cerquido-Ribadelouro, dende o P.Q. 0+000 ao P.Q. 0+950 (Concello de Porriño)”.



Resultando.- Que na mesma reunión a Mesa de Contratación procedeu á apertura electrónica dos sobres “B” correspondente á documentación avaliable mediante criterios automáticos presentada polas empresas admitidas neste procedemento e que acadaron unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable (12,5 puntos) en función dos criterios non avaliables mediante fórmulas.

Os valores ofertados foron os seguintes:

LICITADORES	SOBRE B				
	OFERTA ECONOMICA	CONTROL CALIDADE	PRAZO DE GARANTIA	UNE-EN ISO 9001	UNE-EN ISO 14001
CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.	234.404,73 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L.	234.250,33 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONES FECHI S.L.U.	234.636,33 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	233.504,06 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONES VALE, SL	234.276,06 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.	232.268,86 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA, S.L.	237.158,20 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
HORDESCON, S.L.	247.271,35 €	2,00%	12 MESES	SI	SI
LOPEZ Y LEIS, S.A.	242.850,00 €	1,00%	12 MESES	NO	NO
MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	253.421,64 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
NAROM, S.L.	233.838,60 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L.	248.969,78 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.	234.404,73 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L.	234.250,33 €	3,00%	36 MESES	SI	SI



Resultando.- Que de conformidade co establecido no PCAP para o cálculo das ofertas económicas presentada polas empresas admitidas neste procedemento, a Mesa de Contratación procedeu á efectuar a valoración das ofertas obtendo o seguinte resultado:

Licitadores	Sobre "B"				Puntuación sobre "B"
	Valoración Económica	Prazo de Garantía	Control Calidade	UN-EN ISO 9001/14001	
CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.	29,15	5,00	5,00	5,00	44,15
CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L.	29,34	5,00	5,00	5,00	44,34
CONSTRUCCIONES FECHI S.L.U.	28,87	5,00	5,00	5,00	43,87
CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	30,25	5,00	5,00	5,00	45,25
CONSTRUCCIONES VALE, SL	29,30	5,00	5,00	5,00	44,30
EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.	31,75	5,00	5,00	5,00	46,75
FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA, S.L.	25,79	5,00	5,00	5,00	40,79
HORDESCON, S.L.	12,92	0,00	2,50	5,00	20,42
LOPEZ Y LEIS, S.A.	18,60	0,00	0,00	0,00	18,60
MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	5,02	5,00	5,00	5,00	20,02
NAROM, S.L.	29,84	5,00	5,00	5,00	44,84
ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L.	10,74	5,00	5,00	5,00	25,74



Resultando.- Que na mesma reunión, a Mesa de Contratación acordou a clasificación das ofertas admitidas no procedemento aberto simplificado convocado para a execución do proxecto “*Mellora da drenaxe na E.P. 2502 Cerquido-Ribadelouro, dende o P.Q. 0+000 ao P.Q. 0+950 (Concello de Porriño)*”, que queda da seguinte forma:

Posición	Licitadores	Puntuación Sobre "A"	Puntuación Sobre "B"	Puntuación Total
1	CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L.	25,00	44,34	69,34
2	CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	23,00	45,25	68,25
3	CONSTRUCCIONES FECHI S.L.U.	21,00	43,87	64,87
4	EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.	18,00	46,75	64,75
5	NAROM, S.L.	19,00	44,84	63,84
6	CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.	19,00	44,15	63,15
7	FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA, S.L.	18,00	40,79	58,79
8	CONSTRUCCIONES VALE, SL	14,00	44,30	58,30
9	ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L.	18,00	25,74	43,74
10	MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	16,00	20,02	36,02
11	LOPEZ Y LEIS, S.A.	16,00	18,60	34,60
12	HORDESCON, S.L.	14,00	20,42	34,42

Resultando.- Que en virtude da clasificación aprobada, a Mesa de Contratación acordou propor ó órgano de contratación, neste caso a Xunta de Goberno, para que unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación deste procedemento á empresa CONSTRUCCIONES E.C.CASAS S.L., por un importe de 283.442,90 € IVE incluído.



Resultando.- Que A Mesa de Contratación comprobou que a empresa CONSTRUCCIONES E.C.CASAS S.L. (CIF B36147429), figura inscrita no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, e no Rexistro de Contratistas da Xunta de Galicia (nº 2804), acreditando a tenor do reflectido neles e salvo proba en contrario, as condicións de aptitude do empresario canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación, habilitación profesional ou empresarial, clasificación, solvencia e acreditación do cumprimento das obrigas tributarias co Estado e coa Seguridade Social, así como a non concorrencia das prohibicións de contratar.

Resultando.- Que requirida CONSTRUCCIONES E.C.CASAS S.L., para que aportara a documentación xustificativa, esta aportou a documentación no prazo, constituíndo na Tesourería da Deputación de Pontevedra, garantía definitiva por importe de 11.712,52 € segundo queda acreditado en carta de pago de data 21/03/2025 con número de operación 12025000040062.

Considerando.- Que o artigo 151 do mesmo texto legal, establece que a resolución de adxudicación deberá ser motivada, debendo ser publicada no perfil de contratante no prazo de 15 días.

Considerando.- Que a disposición adicional segunda da LCSP no seu apartado 1, faculta á Ilmo Sr. Presidente para actuar como órgano de contratación, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a) onde figura que lle compete á Xunta de Goberno autorizar e comprometer os gastos precisos para contratación que sendo competencia da Presidencia, superen para o contrato de obras o importe de douscentos mil euros.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Adxudicar á empresa CONSTRUCCIONES E.C.CASAS S.L. (CIF B36147429 o procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “*Mellora da drenaxe na E.P. 2502 Cerquido-Ribadelouro, dende o P.Q. 0+000 ao P.Q. 0+950 (Concello de Porriño)*”, por un importe de 283.442,90 € IVE incluído, de acordo co seguinte detalle:

Importe ofertado	234.250,33 €
IVE (21%).....	49.192,57 €
Importe Total	283.442,90 €

O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM.

O prazo de execución será de SEIS (6) MESES, a contar dende a data de formalización da acta de comprobación de replanteo.



O contrato deberá formalizarse no prazo máximo de 15 días hábiles seguintes á notificación desta resolución.

As obrigas derivadas deste contrato financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 25/456.4530.612.01.2024 do vixente orzamento provincial.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse polo adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse dende a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, a efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.gal>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e nº de expediente que se relacionan a continuación:

Administración: L02000036 Deputación Provincial de Pontevedra CIF: P3600000H.; Órgano xestor: LA0006123; Unidade Tramitadora: LA0006135; Oficina Contable: LA0006135; número de expediente: 2024070955.

2. Nomear directora da obra á enxeñeira do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, María Elena Pérez Alonso.

21.35036.- APROBACIÓN DO PROXECTO DE OBRAS “MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA E DA MOBILIDADE PEONIL MEDIANTE A ILUMINACIÓN PÚBLICA NA EP-0405 XESTEIRA-ALMOFREI, DENDE O P.Q. 0+000 AO 1+500 (CONCELLO DE CERDEDO-COTOBADE)”. (Expte.2025005472)

Resultando.- Que de acordo coa Lei 7/85, de 2 de abril, de bases de réxime local a prestación de servizos de carácter supramunicipal e supracomarcal é unha das competencias propias das deputacións. A salvagarda do servizo público viario e a mellora da seguridade viaria é o eixo principal das competencias da Deputación de Pontevedra en materia de infraestruturas e mobilidade.

Resultando.- Que o artigo 9.2 da Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia (en diante LEG) establece que a administración titular da estrada é responsable do servizo público viario. A rede provincial de estradas con aproximadamente 1.700 quilómetros de lonxitude total, atópase na estrutura viaria global por detrás das estradas de competencia estatal e da Xunta de Galicia.

Resultando.- Que a Corporación e a Xunta de Goberno provinciais, no marco do exercicio das súas competencias propias en relación coas infraestruturas e vías provinciais, coa planificación do territorio aprobaron varios instrumentos para a promoción dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable (ODS) e da Axenda 2030, tales como a Ordenanza de Seguridade Viaria, o Decálogo de Criterios de Actuacións nas Estradas Provinciais, o Plan Móvese, a Guía Básica de Espazos Públicos e Mobilidade Amable.



Resultando.- Que por este motivo, lévanse a cabo obras coa intención de aumentar a seguridade viaria en toda a rede de estradas provinciais, co fin de facer unha replanificación profunda e conceptual das actuacións en materia de mobilidade, con especial prioridade a protección dos colectivos con máis vulnerabilidade, peóns, ciclistas e persoas con mobilidade reducida

Resultando.- Que nesta liña de traballo, a Deputación de Pontevedra decide promover o proxecto de “*Mellora da seguridade viaria e da mobilidade peonil mediante a iluminación pública na EP-0405 Xesteira – Almofrei, dende o P.Q. 0+000 ao 1+500. Concello de Cerdedo-Cotobade*” no termo municipal de Cerdedo-Cotobade.

Resultando.- Que a Deputación de Pontevedra é titular da E.P. 0405 Xesteira - Almofrei, que transcorre polo *Concello de Cerdedo - Cotobade*. É unha estrada de dobre sentido de circulación e de sección variable situada na súa integridade no *Concello de Cerdedo – Cotobade*.

Resultando.- Que as actuacións propostas no presente proxecto teñen por obxecto a mellora da seguridade viaria e da mobilidade peonil mediante a iluminación pública da estrada EP-0405 Xesteira - Almofrei, entre o P.Q. 0+000 e o P.Q. 1+500.

Resultando.- Que Derivado do anterior, a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Cerdedo-Cotobade formalizaron na data 05/02/2025 convenio de colaboración para a execución do proxecto “*Mellora da seguridade viaria e da mobilidade peonil mediante a iluminación pública na EP-0405 Xesteira-Almofrei, dende o P.Q. 0+000 ao 1+500*”.

Resultando.- Que o citado convenio establece que as obras serán financiadas pola Deputación de Pontevedra e o Concello de Cerdedo-Cotobade mediante a achega das cantidades relacionadas de seguinte:

ADMINISTRACIÓN	ACHEGA	%
Deputación de Pontevedra	181.160,32 €	70
Concello Cerdedo-Cotobade	77.640,14 €	30
TOTAL OBRAS	258.800,46 €	100

Resultando.- Que recolle o citado convenio que correspóndelle á Deputación de Pontevedra a redacción do proxecto técnico para a execución das obras, así como a licitación, dirección, execución e recepción das obras.

Resultando.- Que sendo necesario definir de forma clara e precisa o obxecto do contrato, redactouse polo técnico de proxectos adscrito ó Servizo de Infraestruturas Don Guillermo Mille Álvarez-Quñones, o proxecto de execución da obra “*Mellora da seguridade viaria e da mobilidade peonil mediante a iluminación pública na EP-0405 Xesteira-Almofrei, dende o P.Q. 0+000 ao 1+500 (Concello de Cerdedo-Cotobade)*” cun orzamento base de licitación de 258.800,46 € IVE Incluído. A este proxecto asignóuselle o código CSV: 5TKIL5C405K8MPPE.

Resultando.- Que na súa consecuencia recibíuse no Servizo de Contratación providencia do Deputado Delegado da área de Infraestruturas, solicitando iniciar a tramitación do expediente para adxudicar o contrato de obras “*Mellora da seguridade viaria e da mobilidade peonil mediante a iluminación pública na EP-0405 Xesteira-Almofrei, dende o P.Q. 0+000 ao 1+500 (Concello de Cerdedo-Cotobade)*”.



Resultando.- Que consta no expediente con CSV: YE5A963UL2BHCPN7 no que se recolle que na aplicación orzamentaria 25/456.4530.612.02, dentro do proxecto de gasto código nº 2024070324, existe crédito retido para facer fronte ao gasto correspondente á achega da Deputación mediante documento RC nº 202500014292, por importe de 181.160,32, constando subvención concedida ó Concello de Cerdedo-Cotobade ó abeiro do Plan + Provincia 2024, por importe de 77.640,14 € para o financiamento da achega municipal á presente obra.

Resultando.- Que consta no expediente con CSV: YSSRUF0NO00RCCJJ, informe de supervisión do enxeñeiro do servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, Jaime Ruibal de Sola onde se fai constar que o proxecto cumpre coa normativa urbanística e a avaliación ambiental. A maiores, a totalidade da actuación atópase dentro da zona de dominio público viario provincial, polo que non é precisa a ocupación de ningún terreo de propiedade privada.

Resultando.- Que consta no expediente con CSV: VJ97J8AID72C9JRQ, autorización da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas da Xunta de Galicia, para a realización destas obras.

Considerando.- Que non se considera necesario ningunha autorización mais derivada da normativa sectorial aplicable, consonte ao artigo 20 Informes sectoriais da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia.

Considerando.- Que de acordo coa clasificación establecida no artigo 232 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP), as obras do presente proxecto inclúense no grupo c) Obras de conservación e mantemento ao tratarse dunha obra de renovación do firme e as reparacións necesarias nel son consecuencia do natural ou normal uso das estradas.

Considerando.- Que o artigo 231 da LCSP establece que: “...a *adjudicación dun contrato de obras requirirá a previa elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto que definirá con precisión o obxecto do contrato. A aprobación do proxecto corresponderá ó órgano de contratación...*”.

Considerando.- Todo o recollido no Título I, Capítulo I, sección 1ª da LCSP, referente ás actuacións preparatorias do contrato de obras.

Considerando.- Que a disposición adicional segunda da LCSP no seu apartado 1, faculta ó Ilmo Sr. Presidente para actuar como órgano de contratación, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a) onde figura que lle compete á Xunta de Goberno autorizar e comprometer os gastos precisos para contratación que sendo competencia da Presidencia, superen para o contrato de obras un valor estimado de douscentos mil euros.



A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar o proxecto de execución da obra “*Mellora da seguridade viaria e da mobilidade peonil mediante a iluminación pública na EP-0405 Xesteira-Almofrei, dende o P.Q. 0+000 ao 1+500 (Concello de Cerdedo-Cotobade)*” redactado polo técnico de proxectos adscrito ó Servizo de Infraestruturas Don Guillermo Mille Álvarez-Quñones, cun orzamento base de licitación de 258.800,46 € IVE Incluído. A este proxecto asignóuselle o código CSV: 5TKIL5C405K8MPPE.

22.35037.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE PARA A CONTRATACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN, MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO SIMPLIFICADO, DO “SERVIZO DE REPRODUCCIÓN FOTOGRÁFICA E VÍDEO PARA O MUSEO DE PONTEVEDRA”. (Expte.2024069703)

O Museo de Pontevedra, de titularidade provincial, é un dos museos máis sobranceiros de Galicia e unha institución de gran relevancia para a cidade de Pontevedra, con proxección e alcance mais aló do termo municipal e do territorio provincial, tendo entre as súas funcións básicas a documentación, investigación e o estudo dos seus fondos e coleccións. Esta actividade vense realizando desde os seus orixes en 1927, o que lle atribúe unha longa traxectoria investigadora e lle permite acadar un gran coñecemento experto en diferentes ámbitos do saber así como e o dominio das ciencias sociais en materias como arqueoloxía, historia, arte ou antropoloxía. Neste censo, resulta unha labor fundamental o fotografado con calidade profesional dos fondos do Museo coa finalidade de acadar una documentación precisa das coleccións e de facilitar o traballo investigador tanto do persoal propio como doutros investigadores. Así mesmo, resulta tamén de gran importancia contar cun contido audiovisual de calidade para dar visibilidade en redes sociais á programación do Museo antes e despois de que se leven a cabo as diferentes exposicións, accións e actividades, xustificándose deste xeito a necesidade e idoneidade desta contratación.

No artigo 36.1 d) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establécese como competencia propia das deputacións provinciais a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, en liña co artigo 69 da Lei 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, onde se determina que as administracións públicas adoptarán unha política xeral encamiñada a salientar a función do patrimonio cultural inmaterial na sociedade como elemento de carácter identitario, así como a integrar a súa salvagarda nos seus programas de planificación.

Os traballos que son obxecto do contrato son necesarios para a prestación dun servizo que é competencia do Museo de Pontevedra, para o cal non conta cos medios necesarios para o seu desenvolvemento, motivo polo cal compre acudir a unha contratación externa que realice as mencionadas prestacións.

En base ao exposto, con data 29/11/2024, dende o servizo do Museo de Pontevedra, emítese Providencia de Inicio na que se propón a contratación, mediante procedemento aberto simplificado, do “*Servizo de reprodución fotográfica e vídeo para o Museo de Pontevedra*”. O contrato proposto ten un prazo de duración dun (1) ano, a contar dende o 1/07/2025, prevéndose a posibilidade de 3 prórrogas anuais, e un orzamento base de licitación de 36.239,50 euros. Xunto coa proposta, o servizo achega o PPT e o documento de retención de crédito.



Visto que con data 2/12/2024, Intervención emite documentos de retención de créditos futuros números 202400253489 e 202400253494, por importes de 9.044,75 € (LOTE 1) e 9.075,00 € (LOTE 2), con cargo á aplicación orzamentaria 333.3330.227.06 do vixente orzamento provincial, quedando condicionado o gasto para todas as anualidades futuras (2026) á aprobación dos seus respectivos orzamentos e á existencia de crédito adecuado e suficiente nas correspondentes aplicacións orzamentarias.

Visto os informes complementarios á Providencia de inicio emitidos polo servizo xestor, de datas 29/01/2025 e 19/02/2025.

Visto que o servizo de Contratación elabora o borrador de prego administrativo e, con data 20/02/2025 solicita o preceptivo informe á Secretaría.

Tendo en conta o informe favorable da Secretaría Xeral, de data 04/03/2025.

Visto que con data 07/03/2025 o servizo de Contratación solicita o preceptivo informe de fiscalización á Intervención, nos termos previstos na Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria.

Tendo en conta o informe favorable da Intervención, de data 20/03/2025, coas observacións e recomendacións recollidas no mesmo (CSV: WB74IRGCCA2CWHV7).

Tendo en conta que, con data 21/03/2025 o xefe do servizo de Contratación emite memoria xustificativa para a pretendida contratación, na que informa que o réxime xurídico aplicable é o propio dun contrato administrativo de servizos, e o procedemento a aplicar é o aberto simplificado, conforme coas normas recollidas no artigo 159.1 LCSP.

Tendo en conta os artigos 116 e 117 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establecen que a celebración de contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade y que deberá ser publicado no perfil do contratante. Completado o expediente de contratación, ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto.

Tendo en conta o artigo 122.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establece que os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente coa mesma, e sempre antes da licitación do contrato, ou, de non existir esta, antes da súa adxudicación.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á Presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do



Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto simplificado, do “Servizo de reprodución fotográfica e vídeo para o Museo de Pontevedra”.

O contrato está composto de 2 lotes, e os licitadores poderán presentar oferta a 1 ou ós 2 lotes.

O contrato proposto ten un prazo de duración dun (1) ano, a contar dende o 1/07/2025, prevéndose a posibilidade de 3 prórrogas anuais.

O orzamento base de licitación (límite máximo de gasto, incluído o IVE) ascende á cantidade de 36.239,50 euros.

O valor estimado é de 119.800,00 €.

2.- Aprobar os pregos de cláusulas administrativas particulares (CSV: 9AVURV3NWF8MPOLQ), e de prescricións técnicas (CSV: 5UQYOI262Z8S4FAL), que rexerá dita contratación.

3.- Autorizar o gasto polo importe máximo de 36.239,50 euros, financiándose 9.044,75 € (LOTE 1) e 9.075,00€ (LOTE 2), con cargo á aplicación orzamentaria 333.3330.227.06 do vixente orzamento provincial, quedando condicionado o gasto para todas as anualidades futuras (2026) á aprobación dos seus respectivos orzamentos e á existencia de crédito adecuado e suficiente nas correspondentes aplicacións orzamentarias, que será, no seu caso, a 333.3330.227.06 do orzamento correspondente ó exercicio 2026.

4.- Nomear responsable do contrato a Cruz Farto Justo, Xefa de Xestión do Museo de Pontevedra.

5.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación, concedendo un prazo para a presentación de proposicións que rematará ás 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 25 días naturais, contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación do contrato no perfil do contratante.

23.35038.- APROBACIÓN DO PROXECTO DE OBRAS “MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA EP-1002 A MAGDALENA-ALDÁN, DENDE O P.Q. 0+000 ATA O P.Q. 1+850 (CONCELLO DE CANGAS)”. (Expte.2024057093)

Resultando.- Que a Corporación e a Xunta de Goberno provinciais, no marco do exercicio das súas competencias propias en relación coas infraestruturas e vías provinciais, coa planificación do territorio aprobaron varios instrumentos para a promoción dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable (ODS) e da Axenda 2030, tales como a Ordenanza de Seguridade Viaria, o Decálogo de Criterios de Actuacións nas Estradas Provinciais, o Plan Móvese, a Guía Básica de Espazos Públicos e Mobilidade Amable.



Resultando.-Que a Deputación de Pontevedra está concienciada sobre a necesidade de aumentar a seguridade viaria en toda a rede de estradas da provincial, facendo especial fincapé nos tramos que transcorren por espazos urbanos ou núcleos rurais dos distintos concellos, dando cumprimento a asistencia que debe prestar segundo disposto no artigo 36 LBRL. Por ese motivo, o organismo provincial quere levar a cabo intervencións neste senso no seu propio viario e está a facer una replanificación profunda e conceptual das actuacións en materia de mobilidade, con especial fincapé na protección dos colectivos máis vulnerables: peóns, ciclistas e persoas con mobilidade reducida. O obxectivo é conformar un contorno viario seguro e tranquilo, fomentando a convivencia de todos os medios de transporte e sistemas de desprazamento, así como repartir de xeito equitativo o espazo público. Quérese garantir que vías provinciais ofrezan unha mobilidade universal nun espazo continuo de seguridade viaria.

Resultando.- Que a Deputación de Pontevedra é titular da estrada provincial E.P. 1002 Magdalena- Aldán, que transcorre polo Concello de Cangas.

Resultando.- Que se trata dunha estrada de lonxitude total de 4,723 km que mantén en toda a súa lonxitude dobre sentido de circulación cun carril por cada sentido. Ao longo da mesma atopamos unha estrada con sección de plataforma moi irregular, con beiravías de escasa entidade, sen unha liña de peches definida e uniforme, e sen beirarrúas/sendas, o que da lugar a situacións de risco e inseguridade para os usuarios.

Resultando.- Que sendo necesario definir de forma clara e concisa a execución destas obras, redactouse por D. Óscar Catoria Daquinta, técnico adscrito á empresa NOVOTEC, o proxecto de execución da obra “Mellora da mobilidade peonil na EP-1002 A Magdalena-Aldán, dende o P.Q. 0+000 ata o P.Q. 1+850 (Concello de Cangas)”, cun orzamento base de licitación de 1.334.076,05 €. A este proxecto asignóuselle o CSV: XL5Q0Y6P8R6RWJ48.

Resultando.- Que o proxecto desenvólvese na súa integridade no *Concello de Cangas*, sendo o obxecto principal do proxecto a mellora das condicións de seguridade e mobilidade para os peóns, mediante a construción dun itinerario peonil na estrada provincial EP-1002, entre os P.Q. 0+000 e 1+850.

Resultando.- Que a Xunta de Goberno da Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 9 de agosto de 2024 aprobou o convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Cangas para a execución do proxecto “*Mellora da mobilidade peonil na E.P. 1002 A Magdalena-Aldán dende o P.Q. 0+000 ata o P.Q. 1+850*”. Con data 19 de agosto de 2024 formalizouse o devandito convenio coa sinatura das partes intervinientes.

Resultando.- Que recolle o citado convenio que as obras serán financiados pola Deputación de Pontevedra e *Concello de Cangas* mediante a achega das cantidades relacionadas de seguido:

Órgano	Achega	%
Deputación de Pontevedra	1.067.260,84 €	80
Concello de Cangas	266.815,21 €	20
TOTAL OBRAS	1.334.076,05 €	100



Resultando.- Que tamén recolle o convenio que lle corresponde á Deputación de Pontevedra redacción do proxecto técnico para a execución das obras de “*Mellora da mobilidade peonil na E.P. 1002 A Magdalena-Aldán dende o P.Q. 0+000 ata o P.Q. 1+850 (Concello de Cangas)*”, así como a licitación, dirección, execución e recepción das obras.

Resultando.- Que na súa consecuencia recibíuse no Servizo de Contratación providencia da Deputada Delegada da área de Infraestruturas Públicas, solicitando iniciar a tramitación do expediente para adxudicar o contrato de obras “*Mellora da mobilidade peonil na EP-1002 A Magdalena-Aldán, dende o P.Q. 0+000 ata o P.Q. 1+850 (Concello de Cangas)*”, xuntando o proxecto anteriormente referido.

Resultando.- Que consta no expediente con CSV: QY96426GEA1BK6MA informe da Intervención onde se recolle que “...na aplicación orzamentaria 25/456.4530.612.02.2023, dentro do proxecto de gasto código nº 2017003642/39, existe crédito retido para facer fronte ao gasto financiado pola Deputación mediante documento RC nº 12025000005289, por importe de 1.067.260,84. Na aplicación orzamentaria 25/456.4530.612.02.2024, dentro do proxecto de gasto código nº 2017003642/39, existe crédito retido para facer fronte ao gasto financiado polo Concello de Cangas mediante documento RC nº 12025000005398, por importe de 266.815,21 €. A este respecto sinalar que, a día de hoxe, non consta ingreso por parte do Concello da súa achega, nin subvención concedida para a o seu financiamento. De conformidade co disposto no art. 116.5 da LCSP, antes da aprobación do expediente de contratación, deberá acreditarse a plena dispoñibilidade de tódalas achegas [...]. Polo exposto, infórmase favorablemente o expediente, agás no sinalado respecto da dispoñibilidade da achega do Concello de Cangas e tendo en conta o condicionante establecido na autorización sectorial da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural relativo á necesidade de realizar un control arqueolóxico previo...”

Considerando.- Que consta no expediente informe de supervisión do proxecto de data 04/05/2023 con CSV: KXR0DXGXMKHG7PP4 do enxeñeiro da sección de proxectos de Infraestruturas e Vías Provinciais, onde se fai constar que o proxecto cumpre coa normativa urbanística e a avaliación ambiental, sendo necesaria a cesión de 57 parcelas que xa foron postas a disposición da Deputación de Pontevedra polo *Concello de Cangas*.

Considerando.- Que de acordo coa clasificación establecida no artigo 232 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP), as obras do presente proxecto inclúense no grupo c) Obras de conservación e mantemento ao tratarse dunha obra de renovación do firme e as reparacións necesarias nel son consecuencia do natural ou normal uso das estradas.

Considerando.- Que estudada a documentación do proxecto, considérase necesaria a autorización sectorial do Servizo de Patrimonio Cultural do Departamento Territorial da Consellería de Cultura e Turismo, constando no expediente con CSV: PK5UI7GMQBE0B3VG a devandita autorización favorable.

Considerando.- Que non se considera necesario ningunha autorización mais derivada da normativa sectorial aplicable, consonte ao artigo 20 Informes sectoriais da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia.



Considerando.- Que o artigo 231 da LCSP establece que: “...a adxudicación dun contrato de obras requirirá a previa elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto que definirá con precisión o obxecto do contrato. A aprobación do proxecto corresponderá ó órgano de contratación...”.

Considerando.- Todo o recollido no Título I, Capítulo I, sección 1ª da LCSP, referente ás actuacións preparatorias do contrato de obras.

Considerando.- Que a disposición adicional segunda da LCSP no seu apartado 1, faculta ó Ilmo Sr. Presidente para actuar como órgano de contratación, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a) onde figura que lle compete á Xunta de Goberno autorizar e comprometer os gastos precisos para contratación que sendo competencia da Presidencia, superen para o contrato de obras un valor estimado de douscentos mil euros.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar o proxecto de execución da obra “*Mellora da mobilidade peonil na EP-1002 A Magdalena-Aldán, dende o P.Q. 0+000 ata o P.Q. 1+850 (Concello de Cangas)*”, redactado por D. Óscar Catoria Daquinta, técnico adscrito á empresa NOVOTEC, cun orzamento base de licitación de 1.334.076,05€. A este proxecto asignóuselle o CSV: XL5Q0Y6P8R6RWJ48.

24.35039.- APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN NÚMERO 1 DO CONTRATO “SERVIZO DE IMPLANTACIÓN, FORMACIÓN, SOPORTE E MANTEMENTO DUNHA SOLUCIÓN DE ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA PARA ENTIDADES LOCAIS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA”. (Expte.2024002812)

Resultando.- Que a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria celebrada o día 19 de abril de 2024, acordou a adxudicación do contrato “*servizo de implantación, formación, soporte e mantemento dunha solución de administración electrónica para entidades locais da provincia de Pontevedra*” á empresa, ESPUBLICO Servicios para la Administración, S.A. (CIF: A-50.878.842), polos seguintes prezos:

Prezo a tanto alzado para tres anos de contrato (sen IVE)	1.698.776,70 €
IVE (21%)	356.743,11 €
Prezo a tanto alzado para tres anos de contrato (IVE engadido)	2.055.519,81 €

O contrato formalizouse en documento administrativo de data 22 de maio de 2024, fixando un prazo de duración de tres anos, a contar dende o día 22 de maio de 2024 ata o 21 de maio de 2027, e con posibilidade dunha prórroga anual.



Resultando.- Que ata a data, o contrato “servizo de implantación, formación, soporte e mantemento dunha solución de administración electrónica para entidades locais da provincia de Pontevedra” non foi obxecto de modificacións.

Resultando.- Que con data 13 de xaneiro de 2024, o Concello de Vilanova de Arousa manifesta o seu interese na adhesión ao “Convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e as Entidades Locais da provincia de Pontevedra para a prestación de servizos de administración electrónica”.

En consecuencia, mediante Resolución Presidencial nº 2025001138, de data 13 de febreiro de 2025, aprobouse o “convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Vilanova de Arousa para a implantación, formación, soporte e mantemento dunha solución de administración electrónica”, o cal remata o día 10 de marzo de 2027.

Resultando.- Que tendo en conta que, con data 17 de marzo de 2025, o responsable do contrato, xunto co deputado delegado da Área de Novas Tecnoloxías e Contratación, propón a modificación do contrato para a incorporación do concello de Vilanova de Arousa.

O contía anual da modificación proposta, tendo en conta o custo estimado de incorporar ao devandito concello, calculado en función do rango de poboación e unha vez aplicada a porcentaxe de baixa ofertada pola empresa adxudicataria, estímase en 16.929,81 € (13.991,58 €, máis 2.938,23 € correspondentes ao IVE). Deste xeito, considérase un escenario de implantación que abrangue desde 1 de abril de 2025 ata o 21 de maio de 2027, data de finalización do contrato vixente.

Resultando.- Que consta no expediente o documento RC número 12025000038476, polo importe de 12.697,36 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 25/926.9260.227.06 e documento RCFUT número 12025000038479, polo importe de 16.929,81 €, con cargo á aplicación orzamentaria 26/926.9260.227.06 do orzamento provincial.

Resultando.- Que visto o informe conxunto do servizo de Contratación, Secretaría e Intervención, de data 26 de marzo de 2025 (CSV: BFUGQNVXWX8YGA2F), no que se conclúe o seguinte:

“A aprobación do “convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Vilanova de Arousa para a implantación, formación, soporte e mantemento dunha solución de administración electrónica” supón a colaboración co devandito concello para a prestación de servizos de administración electrónica.

Dita circunstancia, prevista como causa de modificación do contrato na cláusula 19 do prego administrativo regulador do “servicio de implantación, formación, soporte e mantemento dunha solución de administración electrónica para Entidades Locais da provincia de Pontevedra”, motiva a necesidade de ampliar a prestación do servizo no concello de Vilanova de Arousa.

Polo exposto, tendo en conta o informe da responsable do contrato, e visto que a citada modificación cumpriría o alcance, límite e natureza previsto nos pregos, sen alterar en ningún caso a natureza global do contrato, considérase procedente que sexa acordada, nestes termos, polo órgano de contratación, se así o estima oportuno, e previos os preceptivos informes da Secretaría e da Intervención.”



Considerando.- Que, tendo en conta o artigo 190 da LCSP, segundo o cal, dentro dos límites e con suxeición aos requisitos e efectos sinalados na Lei, o órgano de contratación ostenta, entre outras, a prerrogativa de modificar os contratos administrativos por razóns de interese público.

Segundo o artigo 203 da LCSP, segundo o cal os contratos administrativos celebrados polos órganos de contratación só poderán modificarse durante a súa vixencia cando se dea algún dos seguintes supostos:

- Cando así se previu no prego de cláusulas administrativas particulares, nos termos e condicións establecidos no artigo 204;
- Excepcionalmente, cando sexa necesario realizar unha modificación que non estea prevista no prego de cláusulas administrativas particulares, a condición de que se cumpran as condicións que establece o artigo 205.

Considerando.- Que de conformidade co artigo 204 LCSP, na cláusula 19 do prego de cláusulas administrativas particulares regulador do presente contrato preveuse a posibilidade de modificación, fixando o seu alcance, límites e natureza nos seguintes termos:

“Prevense as seguintes modificacións:

- Previsión da incorporación dos Concellos de Ribadumia, Marín e Vilanova durante a execución do contrato.”*

Para calcular o prezo a pagar a maiores por este servizo teranse en conta os seguintes prezos segundo o rango de poboación de habitantes, conforme a seguinte táboa:

Rango de poboación (nº habitantes)	Entidade	Prezo unitario licitación (anual sen IVE)	IVE (21%)	TOTAL (anual co IVE)
De 5.000 a 7.500	Ribadumia	7.850,10 €	1.648,52 €	9.498,61 €
De 10.001 a 15.000	Vilanova de Arousa	14.100,00 €	2.961,00 €	17.061,00 €
De 20.001 a 30.000	Marín	20.500,00 €	4.305,00 €	24.805,00 €
TOTAL				51.364,62 €

Estas cantidades prorratearanse en función dos meses en que se preste o servizo.”

Entre as causas obxectivas que poderían dar lugar á tramitación dun modificado, polo tanto, o prego prevé a incorporación do *Concello de Vilanova de Arousa*, circunstancia concorrente no presente caso, pola aprobación do *“convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Vilanova de Arousa para a implantación, formación, soporte e mantemento dunha solución de administración electrónica”*.

O cambio supón un incremento mensual do prezo do contrato de 1.410,82 € (1.165,97€, máis 244,85€ correspondentes ao 21% de IVE), financiado con cargo á aplicación orzamentaria 926.9260.227.06 do orzamento provincial, pasando a prestación do servizo a ter un prezo mensual modificado de 58.508,59 € (IVE engadido).



O prezo a tanto alzado para tres anos de contrato, despois da modificación realizada como consecuencia da incorporación do *Concello de Vilanova de Arousa* na prestación do servizo, pasaría do importe de 2.055.519,81€ (1.698.776,70 €, máis 356.743,11 € correspondente ao 21% de IVE) ao importe de 2.091.764,29 € (1.728.730,82 €, máis 363.033,47 €, correspondente ao 21% do IVE), que supón un incremento do 1,76%.

Considerando.- Que a modificación deberá tramitarse nos termos previstos no artigo 203 e seguintes da LCSP, formalizarse conforme ao disposto no artigo 153 LCSP, e publicarse de acordo co establecido nos artigos 207 e 63 LCSP.

Considerando.- Que de conformidade co artigo 109.3 LCSP, a empresa adxudicataria, deberá reaxustar a garantía para que garde a debida proporción co novo prezo modificado, no prazo de quince días contados desde a data en que se lle notifique o acordo de modificación.

Considerando.- Que por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á Presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2 a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 €, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar a modificación número 1 do contrato de *“servizo de implantación, formación, soporte e mantemento dunha solución de administración electrónica para entidades locais da provincia de Pontevedra”*, subscrito coa empresa ESPUBLICO Servicios para la Administración, S.A. (CIF: A-50.878.842), para a incorporación do concello de Vilanova de Arousa á execución do contrato. Considérase un escenario de implantación que abrangue desde 1 de abril de 2025 ata o 21 de maio de 2027, data de finalización do contrato vixente.

A modificación supón un incremento no prezo mensual de 1.410,82 € (IVE engadido), polo que o contrato pasa a ter o seguinte prezo modificado:

Prezo modificado para 3 anos (sen IVE):	1.728.730,82 €.
IVE (21%)	363.033,47 €
Prezo modificado para 3 anos (IVE engadido):	2.091.764,29 €

2.- Autorizar o gasto polo importe máximo de 36.244,48 € (IVE engadido), con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias:

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe total (co IVE)
2025 (01/04 ao 31/12)	25/926.9260.227.06	12.697,36 €
2026	26/926.9260.227.06	16.929,81 €
2027 (01/01 ao 21/05)	27/926.9260.227.06	6.617,31 €
TOTAL		36.244,48 €



En todo caso, os gastos que se deriven da presente modificación para os exercicios 2026 e 2027 quedará condicionado á aprobación do orzamento provincial e a existencia de crédito adecuado e suficiente en ditas aplicacións. Asemade, dado que o “convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Vilanova de Arousa para a implantación, formación, soporte e mantemento dunha solución de administración electrónica”, remata o 10 de marzo de 2027, a modificación do contrato para o período comprendido entre o 11 de marzo e o 21 de maio de 2027, quedará condicionada á sinatura por parte do Concello de Vilanova de Arousa, da I addenda ao convenio, cuxo fin será a ampliación da vixencia do mesmo, o cal é fundamental para seguir prestando o servizo obxecto do contrato.

O cadro de financiamento previsto poderá sufrir variacións en función da data efectiva de inicio da implantación do servizo.

3.- Requirir a empresa ESPUBLICO Servicios para la Administración, S.A. (CIF: A-50.878.842) para que, no prazo de quince días naturais, contados desde o día seguinte á notificación deste acordo, proceder a reaxustar a garantía definitiva constituída para este contrato para que garde a debida proporción co novo prezo modificado (a garantía pasará de ter un importe de 84.938,84 € a un importe de 86.436,55 €).

25.35040.- AUTORIZACIÓN DA PUBLICACIÓN DUN ANUNCIO DE INFORMACIÓN PREVIA CORRESPONDENTE A “CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN E EXECUCIÓN DAS OBRAS DE RENOVACIÓN DAS INSTALACIÓN DE ILUMINACIÓN EXTERIOR CORRESPONDENTE CO EXPEDIENTE PR-D5000-2021-000382 DENTRO DA CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA INVERSIÓN EN PROXECTOS SINGULARES DE ENERXÍA LIMPA EN MUNICIPIOS DE RETO DEMOGRÁFICO DENTRO DO PROGRAMA DUS 5000 NO MARCO DO PRTR”. (Expte.2025005763)

A Deputación de Pontevedra, en colaboración con varios concellos da provincia presentou ao amparo da convocatoria de axudas para inversión en proxectos singulares locais de enerxía limpa en municipios de reto demográfico (Programa DUS 5000) no marco do Programa de rexeneración e reto demográfico do Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia o seguinte proxecto:

Nome	Denominación do proxecto IDAE	Concellos nos que se desenvolve
Iluminación exterior sostible XV	FEDER-EELL-2021-000382	A Cañiza, Cerdedo-Cotobade, Cuntis, Dozón, Fornelos de Montes, Pontecesures, Ribadumia, Rodeiro, Silleda e Tomiño

Con data 09/03/2025 a Xefa do Servizo de cooperación solicita que se inicien os trámites para a publicación dun anuncio de información previa coa seguinte información:

Contratación dos traballos de renovación das instalacións de iluminación exterior correspondentes co expediente PR-D5000- 2021-000382 dentro de convocatoria de axudas para inversións en proxectos singulares de enerxía limpa en municipios de reto demográfico dentro do programa DUS 5000.



Indícase así mesmo que dada a natureza das prestacións o contrato resulta susceptible de dividirse en dous lotes que comprenden as seguintes actuacións:

Lote	Proxectos	Importe máximo (IVE non engadido)	Importe máximo (IVE engadido)
1	PROXECTO 1.1. Renovación das instalacións de iluminación exterior no concello de Cuntis PROXECTO 1.2. Renovación das instalacións de iluminación exterior no concello de Dozón PROXECTO 1.3. Renovación das instalacións de iluminación exterior no concello de Pontecesures PROXECTO 1.4. Renovación das instalacións de iluminación exterior no concello de Ribadumia PROXECTO 1.5. Renovación das instalacións de iluminación exterior no concello de Rodeiro	444.780,05 €	538.183,85 €
2	PROXECTO 2.1 Renovación das instalacións de iluminación exterior no concello de A Cañiza PROXECTO 2.2. Renovación das instalacións de iluminación exterior no concello de Cerdedo-Cotobade PROXECTO 2.3. Renovación das instalacións de iluminación exterior no concello de Fornelos de Montes PROXECTO 2.4 Renovación das instalacións de iluminación exterior no concello de Tomiño	327.889,23 €	396.745,96 €
Total		772.669,28 €	934.929,81 €

O contrato encádrase dentro dos seguintes Códigos CPV

- 31500000 Material de iluminación e lámpadas eléctricas
- 45316000-Traballos de instalación de sistemas de alumado e sinalización
- 45316100-Instalación de equipo de alumado exterior.

O contrato cualifícase como contrato mixto que comprende prestacións de obra e de subministración. Para a determinación das normas que rexerán a adxudicación do mesmo atenderase ao carácter da prestación principal sendo esta a de subministración, polo que considerando o seu valor estimado, atopámonos ante un contrato suxeito a regulación harmonizada e por conseguinte a publicación do referido anuncio previo permitirá reducir os prazos para a presentación de proposicións no conseguinte procedemento de licitación sendo este de 15 días.

Considerando o disposto no art. 134 da Lei de Contratos do Sector Público que establece que os órganos de contratación poderán publicar un anuncio de información previa ó fin de dar a coñecer as características esenciais dos contratos de obras, subministros ou servizos suxeitos a regulación harmonizada que teñan proxectado adxudicar nos 12 meses seguintes.



Os anuncios de información previa publicaranse co contido establecido no Anexo III da LCSP a elección do órgano de contratación no Diario Oficial da Unión Europea ou no perfil de contratante do órgano de contratación.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidenta para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos que superen o importe de 60.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Autorizar a publicación dun anuncio de información previa co fin de dar a coñecer a contratación da subministración e execución das obras de renovación das instalacións de iluminación exterior correspondente co expediente PR-D5000-2021-000382 dentro da convocatoria de axudas para inversións en proxectos singulares de enerxía limpa en municipios de reto demográfico dentro do programa DUS 5000 no marco do Plan de recuperación transformación e resiliencia, que comprende as seguintes actuacións:

Lote	Proxectos	Importe máximo (IVE non engadido)	Importe máximo (IVE engadido)
1	PROXECTO 1.1. Renovación das instalacións de iluminación exterior no concello de Cuntis PROXECTO 1.2. Renovación das instalacións de iluminación exterior no concello de Dozón PROXECTO 1.3. Renovación das instalacións de iluminación exterior no concello de Pontecesures PROXECTO 1.4. Renovación das instalacións de iluminación exterior no concello de Ribadumia PROXECTO 1.5. Renovación das instalacións de iluminación exterior no concello de Rodeiro	444.780,05 €	538.183,85 €
2	PROXECTO 2.1 Renovación das instalacións de iluminación exterior no concello de A Cañiza PROXECTO 2.2. Renovación das instalacións de iluminación exterior no concello de Cerdedo-Cotobade PROXECTO 2.3. Renovación das instalacións de iluminación exterior no concello de Fornelos de Montes PROXECTO 2.4 Renovación das instalacións de iluminación exterior no concello de Tomiño	327.889,23 €	396.745,96 €
Total		772.669,28 €	934.929,81 €



Os códigos CPV correspondentes ao contrato para os dous lotes son os seguintes:

Códigos CPV
31500000 Material de iluminación e lámpadas eléctricas
45316000-Traballos de instalación de sistemas de alumado e sinalización
45316100-Instalación de equipo de alumado exterior.

Dito anuncio será publicado no Diario Oficial da Unión Europea e no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra. O período cuberto polo anuncio de información previa será dun máximo de 12 meses a contar desde a data de envío á Oficina de Publicacións da Unión Europea.

26.35041.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA AO CLUB PATINAXE ARTÍSTICA GONDOMAR PARA "II FASE REXIONAL LIBRE" APROBADA EN XUNTA DE GOBERNO DO 08/11/2024. (Expte.2024041524)

Antecedentes:

Primeiro.- A Xunta de Goberno da Deputación na súa sesión celebrada o día 03/05/24 aprobou as bases reguladoras para a concesión de subvencións a clubs deportivos da provincia de Pontevedra e as Federacións autonómicas e españolas para posibilitar a organización de competición ou eventos deportivos na provincia de Pontevedra para o ano 2024 (expediente 2024024468). Posteriormente, publicáronse no BOPPO núm. 92 do 10/05/24.

Segundo.- En data 10/06/2024 David Figueroa Pérez, en representación do *Club Patinaxe Artística Gondomar* (NIF: G27795350) presenta solicitude para “Cto. II Fase Rexional Libre”, achegando un orzamento da actividade por importe de 3.100,00 €.

Terceiro.- A Xunta de Goberno da Deputación na súa sesión celebrada o día 08/11/24 aprobou a concesión de ditas subvencións, procedéndose á publicación no BOPPO núm. 223 de 15/11/2024 da relación de subvencións concedidas e non concedidas polo servizo de Deportes da Deputación de Pontevedra para clubs deportivos da provincia de Pontevedra e as Federacións autonómicas e españolas para posibilitar a organización de competición ou eventos deportivos na provincia de Pontevedra para o ano 2024 e no que figura o *Club Patinaxe Artística Gondomar* (NIF: G27795350) e na contía de 355,85 € para a actividade solicitada.

Cuarto.- En data 24/03/25 o *Club Patinaxe Artística Gondomar* (NIF: G27795350) achega escrito no que solicita a renuncia ou desestimento da subvención concedida pola imposibilidade de xustificar o orzamento mínimo.

Quinto.- Por parte da Intervención da Deputación fiscalízase de xeito favorable en data 25/03/2025 a renuncia presentada polo *Club Patinaxe Artística Gondomar* (NIF: G27795350).



Fundamentos:**Primeiro.- Lexislación aplicable:**

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións: arts. 21 e ss.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia: arts. 3.1.c) e 19 e seguintes.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.
- Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso a información pública e bo goberno: artigo 1,7 e 8.1.c).
- Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.
- Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais: artigos 23 a 29.
- Bases de execución do orzamento da Deputación de Pontevedra para o exercicio 2022.

Segundo.- O réxime de concorrencia competitiva constitúe, fronte ao de concesión directa, o réxime ou procedemento ordinario de concesión de subvencións ao que alude o artigo 22.1 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, así como o 19 da Lei Galega de subvencións sinalando que ostenta tal consideración aquel procedemento iniciado de oficio mediante o que a concesión das subvencións se leva a cabo a través da comparación das solicitudes presentadas, a fin de establecer unha prelación entre as mesmas de acordo cos criterios de valoración previamente fixados nas bases reguladoras e na convocatoria e adxudicación, todo isto co límite fixado na convocatoria dentro do crédito dispoñible, aquelas que obtivesen maior valoración en aplicación dos citados criterios.

Terceiro.- No ámbito propiamente competencial, o artigo 7 da Lei 3/2012, do 2 de abril, reguladora do deporte de Galicia, establece como competencias das deputacións provinciais, nos termos da lexislación en materia de réxime local e da demais lexislación sectorial do Estado, entre outras, o exercicio do fomento, promoción e difusión do deporte así como como calquera outra actuación encamiñada ao beneficio do desenvolvemento deportivo local, comarcal ou provincial.

Asemade, o artigo 36 da Lei de bases do réxime local así como o 109 da Lei de administración local de Galicia tamén sinalan que son competencias das deputacións, en xeral, o fomento e administracións dos intereses peculiares da provincia.

Cuarto.- Por outra banda, e atendendo ao caso que nós ocupa, o art. 94 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, establece que todo interesado poderá desistir da súa solicitude ou, cando non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos. Asemade, que tanto o desestimento como a renuncia poderá facerse por calquera medio que permita a súa constancia, sempre que incorpore as sinaturas que correspondan de acordo co previsto na normativa aplicable e que a Administración aceptará de plano o desestimento ou a renuncia, e declarará concluído o procedemento, agás no caso de que habéndose personado no mesmo terceiros interesados, e instasen estes a súa continuación no prazo de dez días desde que foran notificados do desestimento ou renuncia.



É dicir, tanto o desestimento como a renuncia conlevan a finalización do procedemento, pero cunha diferenza, no primeiro caso, conclúe o procedemento pero non impide no seu futuro que se poida abrir un novo expediente, mentres que no segundo caso, impide comezar outro procedemento para facer valer a mesma pretensión.

Quinto.- En canto á competencia para a aceptación da renuncia presentada e de acordo co disposto no artigo 34 da Lei de bases do réxime local, así como o establecido na base 16 das de execución do orzamento provincial, correspóndelle á Xunta de Goberno, que foi quen aprobou a concesión das subvencións obxecto do presente expediente.

En base ao anteriormente exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aceptar a renuncia presentada polo *Club Patinaxe Artística Gondomar* (NIF: G27795350) á subvención concedida pola Deputación de Pontevedra por importe de 355,85 € para “*Cto. II Fase Rexional Libre*” (documento co CSV: M30U51HWQBM2OGON).

Segundo.- O presente acordo pon fin á vía administrativa.

27.35042.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA AO MOTOCLUB AMIGOS DE LA MOTO SANXENXO PARA “XXXXVI CONCENTRACIÓN MOTOTURÍSTICA INT. RÍAS BAIXAS SANXENXO” APROBADA EN XUNTA DE GOBERNO DO 08/11/2024. (Expte.2024041856)

Antecedentes:

Primeiro.- A Xunta de Goberno da Deputación na súa sesión celebrada o día 03/05/24 aprobou as bases reguladoras para a concesión de subvencións a clubs deportivos da provincia de Pontevedra e as Federacións autonómicas e españolas para posibilitar a organización de competición ou eventos deportivos na provincia de Pontevedra para o ano 2024 (Expte. 2024024468). Posteriormente, publicáronse no BOPPO núm. 92 do 10/05/2024.

Segundo.- En data 10/06/2024 Carla Rodiño Otero, en representación do *Motoclub Amigos de la Moto Sanxenxo* (NIF: G36046944) presenta solicitude para “*XXXXVI Concentración Mototurística Int. Rías Baixas Sanxenxo*”, achegando un orzamento da actividade por importe de 50.000,00 €.

Terceiro.- A Xunta de Goberno da Deputación na súa sesión celebrada o día 08/11/24 aprobou a concesión de ditas subvencións, procedéndose á publicación no BOPPO núm. 223 de 15/11/2024 da relación de subvencións concedidas e non concedidas polo servizo de Deportes da Deputación de Pontevedra para clubs deportivos da provincia de Pontevedra e as Federacións autonómicas e españolas para posibilitar a organización de competición ou eventos deportivos na provincia de Pontevedra para o ano 2024 e no que figura o *Motoclub Amigos de la Moto Sanxenxo* (NIF: G36046944) e na contía de 2.295,82€ para a actividade solicitada.



Cuarto.- En data 24/03/2025 o *Motoclub Amigos de la Moto Sanxenxo* (NIF: G36046944) achega escrito no que solicita a renuncia ou desestimento da subvención concedida por non poder xustificar os gastos.

Quinto.- Por parte da Intervención da Deputación fiscalízase de xeito favorable en data 25/03/2025 a renuncia presentada polo *Motoclub Amigos de la Moto Sanxenxo* (NIF: G36046944).

Fundamentos:

Primeiro.- Lexislación aplicable:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións: arts. 21 e ss.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia: arts. 3.1.c) e 19 e seguintes.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.
- Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso a información pública e bo goberno: artigo 1,7 e 8.1.c).
- Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.
- Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais: artigos 23 a 29.
- Bases de execución do orzamento da Deputación de Pontevedra para o exercicio 2022.

Segundo.- O réxime de concorrência competitiva constitúe, fronte ao de concesión directa, o réxime ou procedemento ordinario de concesión de subvencións ao que alude o artigo 22.1 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, así como o 19 da Lei Galega de subvencións sinalando que ostenta tal consideración aquel procedemento iniciado de oficio mediante o que a concesión das subvencións se leva a cabo a través da comparación das solicitudes presentadas, a fin de establecer unha prelación entre as mesmas de acordo cos criterios de valoración previamente fixados nas bases reguladoras e na convocatoria e adxudicación, todo isto co límite fixado na convocatoria dentro do crédito dispoñible, aquelas que obtivesen maior valoración en aplicación dos citados criterios.

Terceiro.- No ámbito propiamente competencial, o artigo 7 da Lei 3/2012, do 2 de abril, reguladora do deporte de Galicia, establece como competencias das deputacións provinciais, nos termos da lexislación en materia de réxime local e da demais lexislación sectorial do Estado, entre outras, o exercicio do fomento, promoción e difusión do deporte así como como calquera outra actuación encamiñada ao beneficio do desenvolvemento deportivo local, comarcal ou provincial.

Asemade, o artigo 36 da Lei de bases do réxime local así como o 109 da Lei de administración local de Galicia tamén sinalan que son competencias das deputacións, en xeral, o fomento e administracións dos intereses peculiares da provincia.



Cuarto.- Por outra banda, e atendendo ao caso que nós ocupa, o art. 94 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, establece que todo interesado poderá desistir da súa solicitude ou, cando non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos. Asemade, que tanto o desestimento como a renuncia poderá facerse por calquera medio que permita a súa constancia, sempre que incorpore as sinaturas que correspondan de acordo co previsto na normativa aplicable e que a Administración aceptará de plano o desestimento ou a renuncia, e declarará concluído o procedemento, agás no caso de que habéndose personado no mesmo terceiros interesados, e instasen estes a súa continuación no prazo de dez días desde que foran notificados do desestimento ou renuncia.

É dicir, tanto o desestimento como a renuncia conlevan a finalización do procedemento, pero cunha diferenza, no primeiro caso, conclúe o procedemento pero non impide no seu futuro que se poida abrir un novo expediente, mentres que no segundo caso, impide comezar outro procedemento para facer valer a mesma pretensión.

Quinto.- En canto á competencia para a aceptación da renuncia presentada e de acordo co disposto no artigo 34 da Lei de bases do réxime local, así como o establecido na base 16 das de execución do orzamento provincial, correspóndelle á Xunta de Goberno, que foi quen aprobou a concesión das subvencións obxecto do presente expediente.

En base ao anteriormente exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aceptar a renuncia presentada polo *Motoclub Amigos de la Moto Sanxenxo* (NIF: G36046944) á subvención concedida pola Deputación de Pontevedra por importe de 2.295,82 € para “XXXXVI Concentración Mototurística Int. Rías Baixas Sanxenxo” (documento co CSV: KJ6NKEBE69X5I7WK).

Segundo.- O presente acordo pon fin á vía administrativa.

28.35043.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA AO KELTOI CRUCES DO CONCELLO DE VILA DE CRUCES PARA “ÁMBITO INFERIOR A ESTATAL – LOITA” APROBADA EN XUNTA DE GOBERNO DO 05/12/2024. (Expte.2024048813)

Antecedentes:

Primeiro.- A Xunta de Goberno da Deputación na súa sesión celebrada o día 07 de xuño de 2024 aprobou as bases reguladoras para a concesión de subvencións a clubs deportivos da provincia de Pontevedra que participan en competicións federadas de ámbito inferior ao estatal para o ano 2024 (expediente 2024024459). Posteriormente, publicáronse no BOPPO núm. 114, de 12 de xuño de 2024.

Segundo.- En data 10/07/2024 Sonia García Sueiro, en representación do *Keltoi Cruces* (NIF: G36373132) presenta solicitude para “Ámbito inferior ao estatal – Loita”, achegando un orzamento da actividade por importe de 3.000,00 €.



Terceiro.- A Xunta de Goberno da Deputación na súa sesión celebrada o día 05/12/24 aprobou a concesión de ditas subvencións, procedéndose á publicación no BOPPO núm. 241 de 12 de decembro de 2024 da relación de subvencións concedidas e non concedidas polo servizo de Deportes da Deputación de Pontevedra para clubs deportivos da provincia de Pontevedra que participan en competicións federadas de ámbito inferior ao estatal para o ano 2024 e no que figura o *Keltoi Cruces* (NIF: G36373132) e na contía de 1.112,03 € para a actividade solicitada.

Cuarto.- En data 26/03/25 o *Keltoi Cruces* (NIF: G36373132) achega escrito no que solicita a renuncia ou desestímulo da subvención concedida por non ter as facturas necesarias para a súa xustificación.

Quinto.- Por parte da Intervención da Deputación fiscalízase de xeito favorable en data 27/03/2025 a renuncia presentada polo *Keltoi Cruces* (NIF: G36373132).

Fundamentos:

Primeiro.- Lexislación aplicable:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións: arts. 21 e ss.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia: arts. 3.1.c) e 19 e seguintes.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.
- Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso a información pública e bo goberno: artigo 1,7 e 8.1.c).
- Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.
- Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais: artigos 23 a 29.
- Bases de execución do orzamento da Deputación de Pontevedra para o exercicio 2022.

Segundo.- O réxime de concorrencia competitiva constitúe, fronte ao de concesión directa, o réxime ou procedemento ordinario de concesión de subvencións ao que alude o artigo 22.1 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, así como o 19 da Lei Galega de subvencións sinalando que ostenta tal consideración aquel procedemento iniciado de oficio mediante o que a concesión das subvencións se leva a cabo a través da comparación das solicitudes presentadas, a fin de establecer unha prelación entre as mesmas de acordo cos criterios de valoración previamente fixados nas bases reguladoras e na convocatoria e adxudicación, todo isto co límite fixado na convocatoria dentro do crédito dispoñible, aquelas que obtivesen maior valoración en aplicación dos citados criterios.

Terceiro.- No ámbito propiamente competencial, o artigo 7 da Lei 3/2012, do 2 de abril, reguladora do deporte de Galicia, establece como competencias das deputacións provinciais, nos termos da lexislación en materia de réxime local e da demais lexislación sectorial do Estado, entre outras, o exercicio do fomento, promoción e difusión do deporte así como como calquera outra actuación encamiñada ao beneficio do desenvolvemento deportivo local, comarcal ou provincial.



Asemade, o artigo 36 da Lei de bases do réxime local así como o 109 da Lei de administración local de Galicia tamén sinalan que son competencias das deputacións, en xeral, o fomento e administracións dos intereses peculiares da provincia.

Cuarto.- Por outra banda, e atendendo ao caso que nós ocupa, o art. 94 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, establece que todo interesado poderá desistir da súa solicitude ou, cando non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos. Asemade, que tanto o desestimento como a renuncia poderá facerse por calquera medio que permita a súa constancia, sempre que incorpore as sinaturas que correspondan de acordo co previsto na normativa aplicable e que a Administración aceptará de plano o desestimento ou a renuncia, e declarará concluído o procedemento, agás no caso de que habéndose personado no mesmo terceiros interesados, e instasen estes a súa continuación no prazo de dez días desde que foran notificados do desestimento ou renuncia.

É dicir, tanto o desestimento como a renuncia conlevan a finalización do procedemento, pero cunha diferenza, no primeiro caso, conclúe o procedemento pero non impide no seu futuro que se poida abrir un novo expediente, mentres que no segundo caso, impide comezar outro procedemento para facer valer a mesma pretensión.

Quinto.- En canto á competencia para a aceptación da renuncia presentada e de acordo co disposto no artigo 34 da Lei de bases do réxime local, así como o establecido na base 16 das de execución do orzamento provincial, correspóndelle á Xunta de Goberno, que foi quen aprobou a concesión das subvencións obxecto do presente expediente.

En base ao anteriormente exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aceptar a renuncia presentada polo *Keltoi Cruces* (NIF: G36373132) á subvención concedida pola Deputación de Pontevedra por importe de 1.112,03 € para “*Ámbito inferior ao estatal – Loita*” (documento co CSV: K1JGGBIMZ4K2MNCW).

Segundo.- O presente acordo pon fin á vía administrativa.

29.35044.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA AO BASQUET RÍAS BAIXAS DO CONCELLO DE VIGO PARA “ÁMBITO INFERIOR AO ESTATAL (BALONCESTO)” APROBADA EN XUNTA DE GOBERNO DO 05/12/2024. (Expte.2024046690)

Antecedentes:

Primeiro.- A Xunta de Goberno da Deputación na súa sesión celebrada o día 07 de xuño de 2024 aprobou as bases reguladoras para a concesión de subvencións a clubs deportivos da provincia de Pontevedra que participan en competicións federadas de ámbito inferior ao estatal para o ano 2024 (expediente 2024024459). Posteriormente, publicáronse no BOPPO núm. 114, de 12 de xuño de 2024.



Segundo.- En data 01/07/2024 Manuel Joaquín Reigosa Roger, en representación do *Basket Rias Baixas* (NIF: G27777127) presenta solicitude para “Ámbito inferior ao estatal – Baloncesto”, achegando un orzamento da actividade por importe de 11.368,00 €.

Terceiro.- A Xunta de Goberno da Deputación na súa sesión celebrada o día 05/12/24 aprobou a concesión de ditas subvencións, procedéndose á publicación no BOPPO núm. 241 de 12 de decembro de 2024 da relación de subvencións concedidas e non concedidas polo servizo de Deportes da Deputación de Pontevedra para clubs deportivos da provincia de Pontevedra que participan en competicións federadas de ámbito inferior ao estatal para o ano 2024 e no que figura o *Basket Rias Baixas* (NIF: G27777127) e na contía de 736,55 € para a actividade solicitada.

Cuarto.- En data 26/03/25 o *Basket Rias Baixas* (NIF: G27777127) achega escrito no que solicita a renuncia ou desestímulo da subvención concedida por non aportar a documentación xustificativa pola falta de tempo e non contar con persoal administrativo necesario.

Quinto.- Por parte da Intervención da Deputación fiscalízase de xeito favorable en data 27/03/2025 a renuncia presentada polo *Basket Rias Baixas* (NIF: G27777127).

Fundamentos:

Primeiro.- Lexislación aplicable:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións: arts. 21 e ss.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia: arts. 3.1.c) e 19 e seguintes.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.
- Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso a información pública e bo goberno: artigo 1,7 e 8.1.c).
- Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.
- Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais: artigos 23 a 29.
- Bases de execución do orzamento da Deputación de Pontevedra para o exercicio 2022.

Segundo.- O réxime de concorrência competitiva constitúe, fronte ao de concesión directa, o réxime ou procedemento ordinario de concesión de subvencións ao que alude o artigo 22.1 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, así como o 19 da Lei Galega de subvencións sinalando que ostenta tal consideración aquel procedemento iniciado de oficio mediante o que a concesión das subvencións se leva a cabo a través da comparación das solicitudes presentadas, a fin de establecer unha prelación entre as mesmas de acordo cos criterios de valoración previamente fixados nas bases reguladoras e na convocatoria e adxudicación, todo isto co límite fixado na convocatoria dentro do crédito dispoñible, aquelas que obtivesen maior valoración en aplicación dos citados criterios.



Terceiro.- No ámbito propiamente competencial, o artigo 7 da Lei 3/2012, do 2 de abril, reguladora do deporte de Galicia, establece como competencias das deputacións provinciais, nos termos da lexislación en materia de réxime local e da demais lexislación sectorial do Estado, entre outras, o exercicio do fomento, promoción e difusión do deporte así como como calquera outra actuación encamiñada ao beneficio do desenvolvemento deportivo local, comarcal ou provincial.

Asemade, o artigo 36 da Lei de bases do réxime local así como o 109 da Lei de administración local de Galicia tamén sinalan que son competencias das deputacións, en xeral, o fomento e administracións dos intereses peculiares da provincia.

Cuarto.- Por outra banda, e atendendo ao caso que nós ocupa, o art. 94 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, establece que todo interesado poderá desistir da súa solicitude ou, cando non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos. Asemade, que tanto o desestimento como a renuncia poderá facerse por calquera medio que permita a súa constancia, sempre que incorpore as sinaturas que correspondan de acordo co previsto na normativa aplicable e que a Administración aceptará de plano o desestimento ou a renuncia, e declarará concluído o procedemento, agás no caso de que habéndose personado no mesmo terceiros interesados, e instasen estes a súa continuación no prazo de dez días desde que foran notificados do desestimento ou renuncia.

É dicir, tanto o desestimento como a renuncia conlevan a finalización do procedemento, pero cunha diferenza, no primeiro caso, conclúe o procedemento pero non impide no seu futuro que se poida abrir un novo expediente, mentres que no segundo caso, impide comezar outro procedemento para facer valer a mesma pretensión.

Quinto.- En canto á competencia para a aceptación da renuncia presentada e de acordo co disposto no artigo 34 da Lei de bases do réxime local, así como o establecido na base 16 das de execución do orzamento provincial, correspóndelle á Xunta de Goberno, que foi quen aprobou a concesión das subvencións obxecto do presente expediente.

En base ao anteriormente exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aceptar a renuncia presentada polo *Basket Rias Baixas* (NIF: G27777127) á subvención concedida pola Deputación de Pontevedra por importe de 736,55 € para “Ámbito inferior ao estatal – Baloncesto” (documento co CSV: YL8N96TEFEPJS93L).

Segundo.- O presente acordo pon fin á vía administrativa.



30.35045.- RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS. (Exptes.
2025017585, 2025017991, 2025008057 e 2025009182)

- a) Vista a relación de operacións con número 2025017585 (CSV: RJQ1TERZSF91B7HL), que contén 5 operacións por un importe de 85.535,13 €, visto o informe que formula a Intervención desta Deputación e que acompaña a dita relación e vistos tamén os informes que formulan o/s xefe/s de servizo ou responsables dos centros xestores, nos que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia que presenta a seguinte estrutura económica:

Importe orzamentario	85.535,13€
IVE soportable deducible.....	0,00 €
Retencións	0,00 €
Total líquido	85.535,13€

- b) Vista a relación de operacións con número 2025017991 (CSV: RPEW94SI2QKBSFYE), que contén 1 operación por un importe de 18,71 €, visto o informe que formula a Intervención desta Deputación e que acompaña a dita relación e vistos tamén os informes que formulan o/s xefe/s de servizo ou responsables dos centros xestores, nos que se pon de manifesto que os gastos se fixeron en exercicios pechados, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia que presenta a seguinte estrutura económica:

Importe orzamentario	18,71 €
IVE soportable deducible.....	0,00 €
Retencións	0,00 €
Total líquido	18,71 €

- c) Vista a relación de operacións con número 2025008057 (CSV: PB4OL07OZ123M72J), que contén 9 operacións por un importe de 9.448,72 €, visto o informe que formula a Intervención desta Deputación e que acompaña a dita relación e vistos tamén os informes que formulan o/s xefe/s de servizo ou responsables dos centros xestores, nos que se pon de manifesto que os gastos se fixeron en exercicios pechados, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia que presenta a seguinte estrutura económica:

Importe orzamentario	9.688,72 €
IVE soportable deducible.....	0,00 €
Retencións	240,00 €
Total líquido	9.448,72 €



- d) Vista a relación de operacións con número 2025009182 (CSV: ZHBHMHXMOL3J2OL1), que contén 18 operacións por un importe de 3.409,05 €, visto o informe que formula a Intervención desta Deputación e que acompaña a dita relación e vistos tamén os informes que formulan o/s xefe/s de servizo ou responsables dos centros xestores, nos que se pon de manifesto que os gastos se fixeron en exercicios pechados, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia que presenta a seguinte estrutura económica:

Importe orzamentario	3.412,51 €
IVE soportable deducible.....	13,90 €
Retencións	17,36 €
Total líquido	3.409,05€

31.35046.- VALIDACIÓN DE EXPEDIENTES. (Expte.2025009260)

- Vista a relación de operacións con número 2025009260 (CSV:P7VSWP3FZSVUY2XG), que contén 2 operacións por un importe de 5.131,25 €, visto o informe que formula a Intervención desta Deputación e que acompaña a dita relación e vistos tamén os informes que formulan o/s xefe/s de servizo ou responsables dos centros xestores, nos que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican anulabilidade das obrigas, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia que presenta a seguinte estrutura económica:

Importe orzamentario	5.131,25€
IVE soportable deducible.....	0,00 €
Retencións.....	0,00 €
Total líquido.....	5.131,25€

32.35047.- MODIFICACIÓN DO ACORDO DE CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE AGOLADA AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA 2025 (LIÑA 3). (Expte.2025009774)

Antecedentes:

- O Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión ordinaria do día 27/12/2024, punto núm.3.8316 aprobou as “Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2025”. As bases e o extracto da convocatoria publicáronse no BOPPO nº 1 do 2/01/2025.
- O importe máximo que o *Concello de Agolada* pode destinar a liña 3-activación de emprego ascende a 122.742,05 euros.



- Á vista da documentación obrante no expediente de subvención e dos informes da xefa do Servizo de Cooperación e da Intervención Provincial, mediante acordo da Xunta de Goberno do 14 de marzo de 2025, punto núm. 2.34896, aprobouse a concesión dunha subvención ao abeiro do Plan +Provincia para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2025 (Liña 3), mediante o procedemento de concorrencia non competitiva, con cargo á aplicación 2025/942.9425.462.03 do vixente Orzamento Provincial.
- No caso do *Concello de Agolada*, concedéuselle unha subvención conforme á seguinte táboa:

CONCELLO DE AGOLADA					
Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Orzamento	Orzamento elixible	Achega municipal	Importe da subvención solicitada
10	1 empregado/a administrativo/a con tarefas de atención ao público a xornada completa durante 9 meses; 3 operarios/as pavimentadores/as, 2 mantedores/as de edificios públicos e 2 operarios/as poceiros/as redes de saneamento a xornada completa durante 7 meses; 1 empregado/a administrativo/a xeral a xornada completa durante 5 meses e 1 operario/a pegador/a de cartaces (reservada a persoas con discapacidade recoñecida igual ou superior ao 65%) a media xornada durante 3 meses	127.589,44 €	124.656,79 €	4.847,39 €	122.742,05 €

- O concello, mediante escrito presentado no rexistro xeral da Deputación de Pontevedra núm. WEB2025019699, do 19/03/2025, solicita modificar a solicitude inicial para a variar a duración das contratacións dos empregados/as administrativos/as.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

- O artigo. 64 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei xeral de subvencións, establece que se poderá autorizar a modificación sempre que non se danen dereitos de terceiros. A solicitude deberá presentarse antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.
- O artigo 11.2.a) da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, aplicable de conformidade co disposto na Base 25ª.1ª das bases de execución do orzamento provincial, dispón que os beneficiarios da subvención quedan obrigados a comunicar calquera eventualidade ou circunstancia que altere ou dificulte o desenvolvemento da finalidade pretendida, co obxecto de que, se se estiman con suficiente antelación, poida procederse á modificación da resolución.



- Base Cuadraxésimo Cuarta do Capítulo III das Bases reguladoras do Plan +Provincia para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2025 (Liña 3), no referente ás modificacións das resolucións ou dos acordos de concesión das subvencións para a activación do emprego, en concordancia co artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, que sinalan que se permite a modificación da resolución de concesión naqueles casos en que se xustifique adecuadamente en base a novas necesidades ou á conveniencia de reformular a duración ou as categorías profesionais solicitadas, se ben as modificacións non deberán supoñer prexuízos a terceiros e deberán solicitarse antes do 1 de novembro de 2025.

CONCLUSIÓN:

En base á necesidade de reformular a solicitude inicial co fin de modificar as duracións dos contratos dos empregados/as administrativos/as, o interesado solicita a modificación do acordo de concesión permanecendo invariable o importe do orzamento e da subvención con respecto á súa petición inicial, conforme á seguinte táboa:

CONCELLO DE AGOLADA					
Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Orzamento	Orzamento elixible	Achega municipal	Importe da subvención solicitada
10	<i>1 empregado/a administrativo/a con tarefas de atención ao público a xornada completa durante 8 meses; 3 operarios/as pavimentadores/as, 2 mantedores/as de edificios públicos e 2 operarios/as poceiros/as redes de saneamento a xornada completa durante 7 meses; 1 empregado/a administrativo/a xeral a xornada completa durante 6 meses e 1 operario/a pegador/a de cartaces (reservada a persoas con discapacidade recoñecida igual ou superior ao 65%) a media xornada durante 3 meses</i>	127.589,44 €	124.656,79 €	4.847,39 €	122.742,05 €

A normativa aplicable permite realizar a modificación proposta, xa que consta no expediente a documentación necesaria para a súa válida tramitación, respéctanse os criterios de distribución entre liñas que se establece nas Bases, non se estima que se prexudiquen dereitos de terceiros e solicítase dentro do prazo previsto nas bases.



Por todo o exposto e a vista dos antecedentes, fundamentos de dereitos aplicables e a súa motivación razoada, e a concorrencia dos requisitos necesarios, INFORMO FAVORABLEMENTE a aprobación da modificación do acordo de concesión da Xunta de Goberno do día 14 de marzo de 2025, punto núm. 2.34896, no referente á subvención concedida ó Concello de Agolada, CIF núm. P3602000F, da maneira que segue:

ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
Agolada (P3602000F)	10	<i>1 empregado/a administrativo/a con tarefas de atención ao público a xornada completa durante 8 meses; 3 operarios/as pavimentadores/as, 2 mantedores/as de edificios públicos e 2 operarios/as poceiros/as redes de saneamento a xornada completa durante 7 meses; 1 empregado/a administrativo/a xeral a xornada completa durante 6 meses e 1 operario/a pegador/a de cartaces (reservada a persoas con discapacidade recoñecida igual ou superior ao 65%) a media xornada durante 3 meses</i>	122.742,05 €

RÉXIME COMPETENCIAL:

En virtude do establecido na base 16ª.2ª c) das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto nos artigos 34 e 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no artigo 17 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.

Por todo o exposto, á vista da documentación que obra no expediente, do informe da xefa do Servizo de Cooperación (CSV: 2IG6GVCDJ4JOZAJX) e da dilixencia de Intervención (CSV: 479HVEXFAA6FARLC) a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Modificar o acordo de concesión da Xunta de Goberno do día 14 de marzo de 2025, punto núm. 2.34896, no referente á subvención concedida ó *Concello de Agolada*, CIF núm. P3602000F, que queda como segue:

ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
Agolada (P3602000F)	10	<i>1 empregado/a administrativo/a con tarefas de atención ao público a xornada completa durante 8 meses; 3 operarios/as pavimentadores/as, 2 mantedores/as de edificios públicos e 2 operarios/as poceiros/as redes de saneamento a xornada completa durante 7 meses; 1 empregado/a administrativo/a xeral a xornada completa durante 6 meses e 1 operario/a pegador/a de cartaces (reservada a persoas con discapacidade recoñecida igual ou superior ao 65%) a media xornada durante 3 meses</i>	122.742,05 €



2. Darlle traslado do presente acordo ó Concello, á Intervención Provincial e ó Servizo de Cooperación.

33.35048.- MODIFICACIÓN DO ACORDO DE CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE PONTECESURES AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA 2025 (LIÑA 3). (Expte.2025002188)

Antecedentes:

- O Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión ordinaria do día 27/12/2024, punto núm.3.8316 aprobou as “*Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2025*”. As bases e o extracto da convocatoria publicáronse no BOPPO nº 1 do 2/01/2025.
- O importe máximo que o Concello de Pontecesures pode destinar a liña 3-activación de emprego ascende a 81.165,09 €.
- Á vista da documentación obrante no expediente de subvención e dos informes da xefa do Servizo de Cooperación e da Intervención Provincial, mediante acordo da Xunta de Goberno do 24 de xaneiro de 2025, punto núm. 11.34564, aprobouse a concesión dunha subvención ao abeiro do Plan +Provincia para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2025 (Liña 3), mediante o procedemento de concorrencia non competitiva, con cargo á aplicación 2025/942.9425.462.03 do vixente Orzamento Provincial.
- No caso do Concello de Pontecesures, concedéuselle unha subvención conforme á seguinte táboa:

CONCELLO DE PONTECESURES					
Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Orzamento	Orzamento elixible	Achega municipal	Importe da subvención solicitada
4	2 peóns de obras públicas a xornada completa durante 10 meses; 1 arquitecto/a e 1 limpador/a en xornada de 25 h./sem. durante 10 meses	81.109,20 €	79.175,30 €	1.933,90 €	79.175,30 €

- O concello, mediante escrito presentado no rexistro xeral da Deputación de Pontevedra núm. WEB2025018609, do 17/03/2025, solicita reformular a solicitude inicial como consecuencia de non poder levar a cabo a contratación do posto de arquitecto/a ante a imposibilidade de atopar candidatos/as para realizar o proceso selectivo.



FUNDAMENTOS XURÍDICOS

- O artigo. 64 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei xeral de subvencións, establece que se poderá autorizar a modificación sempre que non se danen dereitos de terceiros. A solicitude deberá presentarse antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.
- O artigo 11.2.a) da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, aplicable de conformidade co disposto na Base 25ª.1ª das bases de execución do orzamento provincial, dispón que os beneficiarios da subvención quedan obrigados a comunicar calquera eventualidade ou circunstancia que altere ou dificulte o desenvolvemento da finalidade pretendida, co obxecto de que, se se estiman con suficiente antelación, poida procederse á modificación da resolución.
- Base Cuadraxésimo Cuarta do Capítulo III das Bases reguladoras do Plan +Provincia para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2025 (Liña 3), no referente ás modificacións das resolucións ou dos acordos de concesión das subvencións para a activación do emprego, en concordancia co artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, que sinalan que se permite a modificación da resolución de concesión naqueles casos en que se xustifique adecuadamente en base a novas necesidades ou á conveniencia de reformular a duración ou as categorías profesionais solicitadas, se ben as modificacións non deberán supoñer prexuízos a terceiros e deberán solicitarse antes do 1 de novembro de 2025.

CONCLUSIÓNS:

En base á necesidade de reformular a solicitude inicial como consecuencia de non poder levar a cabo a contratación do/a arquitecto/a por non atopar candidatos/as para levar a cabo o proceso selectivo, o interesado solicita a modificación do acordo de concesión minorando o importe do orzamento e o importe da subvención con respecto á súa petición inicial, conforme á seguinte táboa:

CONCELLO DE PONTECESURES					
Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Orzamento	Orzamento elixible	Achega municipal	Importe da subvención solicitada
3	2 peóns de obras públicas a xornada completa durante 10 meses e 1 limpador/a en xornada de 25 h./sem. durante 10 meses	58.379,05 €	56.999,20 €	1.379,85 €	56.999,20 €

A normativa aplicable permite realizar a modificación proposta, xa que consta no expediente a documentación necesaria para a súa válida tramitación, respéctanse os criterios de distribución entre liñas que se establece nas Bases, non se estima que se prexudiquen dereitos de terceiros e solicítase dentro do prazo previsto nas bases.



Por todo o exposto e a vista dos antecedentes, fundamentos de dereitos aplicables e a súa motivación razoada, e a concorrencia dos requisitos necesarios, **INFORMO FAVORABLEMENTE** a aprobación da modificación do acordo de concesión da Xunta de Goberno do día 24 de xaneiro de 2025, punto núm. 11.34564, no referente á subvención concedida ó Concello de Pontecesures, CIF núm. P3604400F, da maneira que segue:

ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
Pontecesures (P3604400F)	3	2 peóns de obras públicas a xornada completa durante 10 meses e 1 limpador/a en xornada de 25 h./sem. durante 10 meses	56.999,20 €

RÉXIME COMPETENCIAL:

En virtude do establecido na base 16ª.2ª c) das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto nos artigos 34 e 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no artigo 17 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.

Por todo o exposto, á vista da documentación que obra no expediente, do informe da xefa do Servizo de Cooperación (CSV: 7GLUB1N6UA8IR1BD) e da dilixencia favorable de Intervención (CSV: O8ZJRA41PRP16PS7) a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Modificar o acordo de concesión da Xunta de Goberno do día 24 de xaneiro de 2025, punto núm. 11.34564, no referente á subvención concedida ó *Concello de Pontecesures*, CIF núm. P3604400F, que queda como segue:

ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
Pontecesures (P3604400F)	3	2 peóns de obras públicas a xornada completa durante 10 meses e 1 limpador/a en xornada de 25 h./sem. durante 10 meses	56.999,20 €

2. Darlle traslado do presente acordo ó Concello, á Intervención Provincial e ó Servizo de Cooperación.



34.35049.-

SOLICITUDE DE MODIFICACIÓN DO PRAZO DE EXECUCIÓN DAS
ACTUACIÓNS OBXECTO DE AXUDA DO PROXECTO DENOMINADO
“OFICINA DE PROMOCIÓN, ASESORAMENTO E APOIO ÁS
COMUNIDADES ENERXÉTICAS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA-
OTC DEPO (PR-OTC-2022-000073)”. (Expte.2023004247)

No expediente consta o informe da Xefa de servizo de cooperación que literalmente se transcribe:

“Á vista da resolución de concesión de axudas emitidas polo Instituto para a Diversificación Enerxética e Aforro de Enerxía (IDAE) de incentivos para a concesión de axudas a oficinas de transformación comunitaria para a promoción e dinamización de comunidades enerxéticas (Programa CE Oficinas), e co obxecto de presentar a solicitude de modificación da resolución de concesión para a ampliación do prazo de execución do referido proxecto, a xefa de Servizo de Cooperación, emite o seguinte:

I. ANTECEDENTES

- No artigo 36.1.d da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, atribúenselle ás deputacións competencias no fomento do desenvolvemento económico e social e na defensa dos intereses peculiares da provincia.
- O Ministerio para a Transición Ecolóxica publicou, mediante a Orde TED/1021/2022, de 25 de outubro (Boletín Oficial do Estado [BOE] número 259, do 28 de outubro de 2022), a aprobación das bases reguladoras para a concesión de axudas a oficinas de transformación comunitaria para a promoción e dinamización de comunidades enerxéticas (Programa CE Oficinas), no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU.
- Mediante a resolución do 18 de novembro de 2022 da presidenta da EPE Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE), M. P., dáselle traslado e comunícaselle á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) a resolución do 10 de novembro de 2022, do Consello de Administración do IDAE, pola que se formaliza a primeira convocatoria do programa de incentivos para a concesión de axudas a oficinas de transformación comunitaria para a promoción e dinamización de comunidades enerxéticas (Programa CE Oficinas), no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, rexistradas na BDNS con data de 21/11/2022 e identificador 659874.
- O 20/01/2023, mediante resolución presidencial número RP2023000441, apróbase presentación da solicitude de axudas baixo o proxecto “Oficina de promoción, asesoramento e apoio ás comunidades enerxéticas da provincia de Pontevedra” para o Programa CE Oficinas, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia. No plan de traballo consolidado do citado proxecto, e aprobado polo IDAE, contéplase un prazo de execución de 30 meses (coa data estimada de inicio para o 01/03/2023 e finalización o 30/09/2025).
- O 20/09/2023, con número de rexistro 2023018851, recibíuse a proposta de resolución definitiva para a concesión de axudas en relación coa resolución do 18 de novembro de 2022 da presidenta da EPE Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE), M. P., pola que se lle dá traslado e se lle comunica á BDNS a resolución do 10 de novembro de 2022 do Consello de Administración do IDAE, pola que se establece a primeira convocatoria do Programa CE Oficinas, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, cuxas bases reguladoras foron establecidas mediante a Orde TED/1021/2022, do 25 de outubro do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico (BOE núm. 259, do 28 de outubro de 2022), onde se aproba a concesión de axudas ao proxecto da Deputación Provincial de Pontevedra.



- A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria do 22 de setembro de 2023, adoptou, entre outros, o acordo número 19.32995 de aceptación das axudas concedidas polo IDAE para poñer en marcha a “Oficina de promoción, asesoramento e apoio ás comunidades enerxéticas da provincia de Pontevedra”, dentro do Programa CE Oficinas, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia. (Expte. 2023004247).
- Finalmente, o 9/10/2023 o director xeral de Política Enerxética e Minas aproba a concesión definitiva das axudas en relación coa resolución do 10 de novembro de 2022 do Consello de Administración do IDAE., pola que se establece a primeira convocatoria do citado Programa CE Oficinas; documento con CSV 13826958-18543220BAS57URYGSL).
- Na mencionada Orde TED/1021/2022 establécese que o prazo máximo para executar os proxectos será dun (1) ano a partir da publicación da resolución de concesión, polo que o prazo máximo de execución do proxecto “Oficina de promoción, asesoramento e apoio ás comunidades enerxéticas da provincia de Pontevedra” finalizará o 30/09/2025.
- Nesta mesma Orde TED/1021/2022 tamén se establece a posibilidade de solicitar a modificación da resolución, e así, no seu artigo 20, dispónse:

”Artigo 20. Modificación da resolución.

 1. Os proxectos con axuda concedida deberán executarse no tempo e na forma aprobados na resolución de concesión. Con todo, cando xurdan circunstancias concretas que, excepcionalmente, alteren de forma obxectiva as condicións técnicas ou económicas que se tiveran en conta para a concesión da axuda, poderase solicitar a modificación da citada resolución de concesión, a condición de que se cumpran os seguintes requisitos:
 - a) Que a modificación solicitada non lles afecte aos obxectivos perseguidos coa axuda, aos seus aspectos fundamentais, á determinación do beneficiario, nin prexudique dereitos de terceiros. Para tales efectos, non se considerará que a modificación afecta á determinación do beneficiario cando sexa debido a operacións de fusión, absorción ou escisión da persoa xurídica inicialmente beneficiaria, conforme á normativa vixente.
 - b) Que a modificación solicitada obedeza a causa ou causas sobrevindas e excepcionais, que non puideron preverse no momento da solicitude.
 - c) Que non supoña un incremento da subvención concedida.
 - d) Que a solicitude de modificación se realice, polo menos, tres meses antes da finalización do prazo de execución do proxecto.
 2. A solicitude de modificación acompañarase dunha memoria na que se expoñerán os motivos da modificación e xustificarase a imposibilidade de cumprir as condicións impostas na resolución de concesión, e o cumprimento dos requisitos expostos no apartado 1 anterior.
 3. O órgano responsable para resolver as solicitudes de modificación será o órgano que ditou a resolución de concesión.
 4. O prazo máximo para ditar a resolución será de tres meses.”
- O obxecto do proxecto é promover o desenvolvemento dunha oficina de transformación comunitaria (en adiante OTC) da provincia de Pontevedra para fomentar e impulsar a creación e o desenvolvemento de comunidades enerxéticas en todas as súas comarcas alcanzando tanto núcleos urbanos coma rurais e industriais.
- No plan de traballo consolidado do citado proxecto, e aprobado polo IDAE, contéplase un prazo de execución de 30 meses; para o que se estima a data de inicio o 01/03/2023 e a de finalización o 30/09/2025).
- Debemos ter en conta que non é ata o 23/10/2023 cando se publica na Sede electrónica do IDAE a resolución definitiva pola que se aproba a concesión de axudas en relación coa resolución do 10 de novembro de 2022 do Consello de Administración do IDAE; polo que se produciu unha demora de sete (7) meses desde a data de inicio prevista do dito proxecto (01/03/2023) ata a resolución definitiva (23/10/2023).



- Por outra banda, ao non dispoñer o Servizo de Cooperación con medios humanos suficientes, debido á actual carga de traballo existente, o 16/11/2023 realizábase por parte da xefatura do Servizo a proposta de nomeamento de dúas (2) persoas funcionarias interinas sen praza para a execución do programa de carácter temporal "OTC: Oficina de transformación comunitaria da provincia de Pontevedra (OTC_DEPO)", realizar as tarefas de apoio á coordinación da OTC_DEPO e dos proxectos relacionados co acceso a unha enerxía alcanzable, segura, sostible e moderna. A pesar de solicitarse con rapidez o nomeamento deste equipo de apoio, realizouse o 4/11/2024, debido á dificultade de conformar os tribunais de selección pola multitude de procesos selectivos en todas as entidades locais da provincia.
- Ademais, tras a convocatoria e realización das eleccións ao Parlamento de Galicia de 2024, que tiveron lugar o 18/02/2024, e debido ao nomeamento de cargos na Administración autonómica galega, reestruturáronse as atribucións en áreas e centros xestores da propia Deputación.
- Esta situación imprevista provocou atraso nos traballos de planificación das contratacións administrativas necesarias para executar o proxecto "Oficina de promoción, asesoramento e apoio ás comunidades enerxéticas da provincia de Pontevedra".
- Ante a demora acumulada, co fin de garantir o deber do beneficiario de executar os traballos obxecto de axuda e así cumprir co seu obxectivo, e sen prexudicar os intereses de terceiras persoas, é aconsellable a ampliación do prazo en sete (7) meses máis, polo que queda reflectida na seguinte táboa a data máxima para levar a cabo os traballos relativos á execución do proxecto:

"OFICINA DE PROMOCIÓN, ASESORAMENTO E APOIO ÁS COMUNIDADES ENERXÉTICAS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA-OTC_DEPO (PR-OTC-2022-000073)"			
Data de solicitude	Data de concesión	Prazo límite para a execución	Prazo límite para a execución logo da modificación
20/01/2023	23/10/2023	30/09/2025	30/04/2026

- A ampliación do prazo de execución do proxecto en sete (7) meses máis non afecta aos obxectivos perseguidos pola axuda concedida nin aos aspectos fundamentais das actuacións propostas, nin prexudica os intereses de terceiras persoas, que sempre deberán estar en consonancia co establecido na Orde TED/1021/2022, pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de axudas a oficinas de transformación comunitaria para a promoción e dinamización de comunidades enerxéticas (Programa CE Oficinas), no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia.
- A solicitude de modificación é previa á data de conclusión do prazo para realizar a actividade.

II. FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA NORMATIVA EXAMINADA

- Orde TED/1021/2022, de 25 de outubro, pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de axudas a oficinas de transformación comunitaria para a promoción e dinamización de comunidades enerxéticas (Programa CE Oficinas), no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia.
- Resolución do 10 de novembro de 2022, do Consello de Administración do IDEA, pola que se establece a primeira convocatoria do Programa CE Oficinas, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia.
- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), e o seu Regulamento, aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).



- *Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).*
- *Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL).*
- *Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP).*
- *Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).*
- *Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROFRXEL).*
- *Bases de execución do Orzamento da Deputación para o vixente exercicio.*

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Instrución do expediente

- *De conformidade co previsto 20.1 da Orde TED/1021/2022, as entidades beneficiarias poderán solicitar con carácter excepcional a modificación do contido da actuación subvencionada, así como da forma e prazos da súa execución e xustificación dos correspondentes gastos, cando xurdan circunstancias concretas que, excepcionalmente, alteren de forma obxectiva as condicións técnicas ou económicas tidas en conta para a concesión da axuda, poderase solicitar a modificación da citada resolución de concesión sempre que non poidan verse afectados os obxectivos ou finalidade perseguidos pola axuda, os seus aspectos fundamentais nin se danen dereitos de terceiras persoas.*
- *De conformidade co artigo 64 Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, unha vez recaída a resolución de concesión o beneficiario poderá solicitar a modificación do seu contido se concorren as circunstancias previstas para tales efectos nas bases reguladoras, tal como se establece no artigo 17.3.1 da lei, o que se poderá autorizar sempre que non se danen dereitos de terceiras persoas. A solicitude deberá presentarse antes de que conclúa o prazo para realizar a actividade.*
- *Tendo en conta o artigo 32 da LPACAP, no que se indica que a Administración, salvo precepto en contrario, poderá conceder de oficio ou a pedimento das persoas interesadas, unha ampliación dos prazos establecidos, que non exceda da metade destes, se as circunstancias o aconsellan e con iso non se prexudican dereitos de terceiras persoas. O acordo de ampliación deberá notificárselles ás persoas interesadas. Tanto a petición destas coma a decisión sobre a ampliación deberán producirse, en todo caso, antes do vencemento do prazo de que se trate.*
- *Segundo o artigo 34.1.f da LRBRL a competencia para realizar os trámites de aceptación e a aprobación das condicións impostas na resolución de concesión de axudas correspóndelle á Presidencia, por tratarse dun gasto inferior ao 10 % dos recursos ordinarios do Orzamento, ou pola Xunta de Goberno.*
- *Segundo o artigo 36.1.d da LRBRL é competencia da Deputación a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación do territorio provincial de acordo coas competencias das demais administracións.*

Petición e evacuación de informes:

- *Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.*
- *Artigos 88.6 da LPACAP, nos que se sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto desta.*
- *Artigo 172 do ROFRXEL, no que se dispón que o xefe da dependencia á que lle corresponda tramitar o expediente deberá emitir un informe, coa exposición dos antecedentes e as disposicións legais ou regulamentarias en que se funde o seu criterio.*
- *Artigos 213 e seguintes do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.*



- *Artigo 16 do Real decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico de control interno nas entidades do sector público local, sobre a fiscalización previa da aprobación ou autorización de gastos e da disposición ou compromiso de gasto da entidade local.*
- *Base 47.ª e 48.ª de execución do Orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, nas que se sinala a competencia de Intervención para realizar esta función.*
- *Artigo 24 da LXS, no que se establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.*

Resolución do expediente:

- *De conformidade co previsto no artigo 13.a de a Orde TED/1021/2022, de 25 de outubro, para formular a solicitude deberase achegar o certificado acreditativo da resolución ou o acordo do órgano de goberno ou de representación competente da entidade solicitante.*
- *Segundo o artigo 20 Orde TED/1021/2022, do 25 de outubro, poderase producir unha ampliación do prazo, sempre que este non lles afecte aos obxectivos perseguidos coa axuda, aos seus aspectos fundamentais, á determinación do beneficiario nin prexudique dereitos de terceiras persoas.*
- *En virtude do establecido na base 16.ª.2 das Bases de execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto no artigo 35 da LRBRL, e mais no artigo 17 do RLXS, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.*

III. CONCLUSIONES

O 9/09/2023, con número de rexistro 2023018851, recibíuse a proposta de resolución definitiva para a concesión de axudas ao proxecto “Oficina de promoción, asesoramento e apoio as comunidades enerxéticas da provincia de Pontevedra” en relación coa resolución do 10 de novembro de 2022 do Consello de Administración do IDAE, pola que se establece a primeira convocatoria do programa de incentivos para o Programa CE Oficinas, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, por un importe de 495.762,28 euros, cuxo orzamento total é de 746.978,80 euros.

O plan de traballo deste proxecto, aprobado polo IDAE, establece unha duración de 30 meses desde o 01/03/2023 ata o 30/09/2025.

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial, na súa sesión ordinaria do 22 de setembro de 2023, adoptou, entre outros, o acordo número 19.32995 de aceptación das axudas concedidas polo IDAE para poñer en marcha a “Oficina de promoción, asesoramento e apoio ás comunidades enerxéticas da provincia de Pontevedra”, dentro do programa de axudas a oficinas de transformación comunitaria para a promoción e dinamización de comunidades enerxéticas (Programa CE Oficinas), no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia. (Expte. 2023004247).

Tendo en conta que o IDAE se demorou na resolución definitiva dos expedientes de axudas da convocatoria citada, resolución que se emitiu o 9/10/2023, xerouse unha demora no inicio da execución do proxecto de sete (7) meses da data inicialmente prevista.



Por outra banda, a pesar de solicitarse con rapidez o nomeamento dun equipo de apoio, debido á dificultade de conformar os tribunais de selección, xa que existen multitude de procesos selectivos en todas as entidades locais da provincia, non se realizou ata o día 4 de novembro de 2024, o que supuxo un atraso no comezo da execución do mencionado proxecto.

Ademais, logo da convocatoria e realización das eleccións ao Parlamento de Galicia de 2024 do 18/02/2024, e debido ao nomeamento de cargos na Administración autonómica galega, reestruturáronse as atribucións en áreas e centros xestores da propia Deputación.

Esta situación imprevista está a producir demoras no calendario de execución dos traballos, o que imposibilitou que se cumpran as condicións da resolución de concesión do proxecto.

Ante a demora acumulada, e co fin de garantir o deber do beneficiario de executar os traballos obxecto de axuda, é aconsellable a ampliación do prazo en sete (7) meses máis, polo que queda reflectida na seguinte táboa a data máxima para executar os traballos:

“OFICINA DE PROMOCIÓN, ASESORAMENTO E APOIO ÁS COMUNIDADES ENERXÉTICAS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA- OTC_DEPO (PR-OTC-2022-000073)”			
Data da solicitud	Data da concesión	Prazo límite para a execución	Prazo límite para a execución tras a modificación
20/01/2023	09/10/2023	30/09/2025	30/04/2026

Esta ampliación do prazo de execución non lles afecta aos obxectivos perseguidos pola axuda concedida nin afecta aos aspectos fundamentais das actuacións propostas nin prexudica os intereses de terceiras persoas, que sempre deberán estar en consonancia co establecido na Orde TED/1021/2022, pola que se aproban as Bases reguladoras para a concesión de axudas a oficinas de transformación comunitaria para a promoción e dinamización de comunidades enerxéticas (Programa CE Oficinas). Ademais, a solicitude de modificación é previa á data de conclusión do prazo para a realización da actividade.

Examinados os antecedentes e a motivación legal exposta, para garantir a correcta execución é necesaria a ampliación do prazo máximo de execución do proxecto “Oficina de promoción, asesoramento e apoio as comunidades enerxéticas da provincia de Pontevedra” en sete (7) meses adicionais; polo que se establece a nova data máxima para a súa execución que se indica na táboa anterior: 30/04/2026.

En consecuencia, a solicitude de ampliación é previa á finalización do prazo máximo establecido para executar o proxecto “Oficina de promoción, asesoramento e apoio as comunidades enerxéticas da provincia de Pontevedra”.

Nesta mesma liña conclúese que a concesión da ampliación do prazo para a execución do antedito proxecto, que ten como finalidade fomentar e impulsar a creación e desenvolvemento de comunidades enerxéticas en todas as comarcas da provincia, non constitúe un prexuízo a terceiras persoas.



Por todo o exposto, e á vista dos antecedentes e fundamentos de dereitos aplicables, informo favorablemente a tramitación deste expediente e propono a modificación do prazo de execución das actuacións obxecto de axuda do proxecto denominado “Oficina de promoción, asesoramento e apoio ás comunidades enerxéticas da provincia de Pontevedra”.

IV. Réxime competencial

En virtude do establecido na base 16.ª.2 das de execución do Orzamento provincial, e de conformidade co disposto no artigo 35 da LRBRL e no 17 do RLXS, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.

Este informe non ten carácter vinculante, de feito que o órgano competente co seu superior criterio decidirá.

En Pontevedra, na data da sinatura electrónica

A xefa do Servizo de Cooperación

Marina Piñeiro Novo”.

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes da Xefa do Servizo de Cooperación de data 26/03/2025, e da Intervención Provincial de data 28/03/2025, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Solicitar ao Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE) a modificación do prazo máximo do 30/09/2025, establecido na resolución de concesión da axuda, para a execución das actuacións obxecto da axuda do proxecto denominado “OFICINA DE PROMOCIÓN, ASESORAMENTO E APOIO ÁS COMUNIDADES ENERXÉTICAS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA–OTC_DEPO (PR-OTC-2022-000073), en sete (7) meses adicionais; ampliándose, deste xeito, o prazo máximo para a realización do citado proxecto segundo o recollido na seguinte táboa:

“OFICINA DE PROMOCIÓN, ASESORAMENTO E APOIO ÁS COMUNIDADES ENERXÉTICAS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA- OTC_DEPO (PR-OTC-2022-000073)”			
Data da solicitud	Data da concesión	Prazo límite para a execución	Prazo límite para a execución tras a modificación
20/01/2023	09/10/2023	30/09/2025	30/04/2026

- Darlle traslado do presente acordo ó *Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE)*, á Intervención, ó Servizo de Cooperación e ó Gabinete da Presidencia.



35.35050.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE O ROSAL, NO MARCO DO II PLAN EXTRAORDINARIO DE INFRAESTRUTURAS DEPORTIVAS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “SUBSTITUCIÓN DE CUBERTA DO PAVILLÓN MUNICIPAL”. (Expte.2025003381)

Antecedentes:

- O Pleno da Deputación Provincial de Pontevedra, na sesión extraordinaria do 18/10/2024, mediante o acordo núm. 3.8273 aprobou as bases reguladoras e a convocatoria do II Plan extraordinario de infraestruturas deportivas (II PEID), publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 206, do 22/10/2024.
- Mediante a Resolución Presidencial núm. 2024008497 de data 04/11/2024 aprobouse a repartición do crédito que lle corresponde a cada concello e que se corresponde co importe máximo de subvención ao que pode optar cada entidade local.
- En data 21/01/2025, dentro formalmente en e prazo, consta entrada na sede electrónica da Deputación (núm. rexistro WEB2025003842) dunha petición do *Concello do Rosal* na que solicita, con cargo á cantidade que lle corresponde no reparto, unha subvención por importe de 115.472,67 euros co obxecto do financiamento da obra “*Substitución da cuberta do pavillón municipal*” (Expte. 2025003381) cuxo orzamento ascende a 273.868,40 euros.
- En datas posteriores, o *Concello do Rosal* emenda e completa a documentación achegada.
- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases reguladoras do II PEID.
- O investimento proposto conta co informe de supervisión favorable do facultativo técnico do Servizo de Cooperación de data 11/02/2025.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

RÉXIME XURÍDICO

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP).
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL).
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Pontevedra (OXSDPPO).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do II Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas (II PEID).



CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 7ª do II PEID, que indica que lle corresponde á xefa do Servizo de Cooperación a instrución do procedemento de concesión. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe dos servizos técnicos provinciais, no caso de ser necesario, e da fiscalización de Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Reguladora 7ª do II PEID, que indica que as propostas de resolución definitivas se elevarán ao órgano competente para a súa aprobación.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 da LXS, que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 da LXS, polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivárase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 da RLXS, que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL, que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da OXSDPPO, que regulan o procedemento de concesión.
- Base 1ª das reguladoras do II PEID que definen o obxecto e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do II PEID que consignan o crédito orzamentario, o procedemento de concesión, así como os criterios obxectivos de repartimento.
- Bases 8ª e 10ª das reguladoras do II PEID que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.



RÉXIME COMPETENCIAL

- En virtude do reparto de competencias recollido nos artigos 35 da LRBRL e 63 do ROFRXEL, e de acordo coas bases específicas de execución do vixente orzamento da Deputación, a competencia para resolver correspóndelle á Xunta de Goberno.

PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 11/02/2025, e da xefa do servizo de Cooperación, de data 04/03/2025 que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 11/03/2025, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de O Rosal*, CIF: P3604800G, unha subvención, ao abeiro do II Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas (PEID II), por importe de 115.472,67 € co obxecto do financiamento “*Substitución da cuberta do pavillón municipal*” (Exp.2025003381), en base a un orzamento que ascende a 273.868,40 €, debendo co-financiar a entidade municipal 158.395,73€. Non obstante, a presente concesión fica condicionada a que o Concello achegue xunto coa primeira xustificación da axuda económica, a autorización sectorial da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, a resolución (ou o acordo) de aprobación do proxecto e a acta de trazado debidamente cumprimentada.
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2025/942.3420.762.95.2024 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do II Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas (PEID II), aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 3.8273 de 18/10/2024 e publicadas no BOPPO núm. 2026 de 22/10/2024 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Así mesmo, conforme as bases 19ª e 26ª das reguladoras do II Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas (PEID II), o investimento subvencionado deberá estar executado o 30/04/2026 e xustificado a 30/09/2026. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de O Rosal*, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.



36.35051.- COMUNICACIÓN

Non houbo.

37.35052.- FÓRA DA ORDE DO DÍA

Non houbo.

38.35053.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar polo Sr. Presidente, sendo as dez horas e cincuenta minutos do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente acta, que asina o Ilmo. Sr. Presidente, comigo, o Secretario que dou fe.

